Axudas e Programas da Unión Europea para moz@s emprendedores

PROGRAMA COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA ESPAÑA ~ PORTUGAL COOPERAÇÃO TRANSFRONTEIRIÇA 2007 ~ 2013

fundación GALICIA EUROPA

UE FEDER

Invertimos en su futuro

XUNTA DE GALICIA

Axudas e Programas da Unión Europea para moz@s emprendedores

sumario

programas comunitarios

Ambiente, enerxía e transporte

Life + 10
CIP-EIE 12
Marco Polo II 14
RTE-T 16

I+D+i

7PM 20
CIP-EIP 23
CIP-ICT PSP 25
Eureka 28
Eurostars 30
Eco-Innovation 32

Sociedade da información

Safer Internet 36
AAL 38

Educación, cultura e Xuventude

PAP 42
Cultura 44
Media 46
Xuventude en acción 48

Emprego

Premios europeos ás boas prácticas no ámbito da seguridade 52
Progress 54

Agricultura

Información e promoción dos produtos agrícolas 58

fondos estruturais

FEDER 62
FSE 64
FEADER 66

instrumentos financeiros

JASMINE 72
JEREMIE 74
FEI 76
Gate2growth 78

internacionalización pemes

Asia Invest 82
Al-Invest 84
PROINVEST 86
UE-Xapón 88
UE-China 90
Erasmus mozos emprendedores 92
Vulcanus 94

prólogo

A "Guía de Axudas e Programas da Unión Europea para moz@s emprendedores" enmárcase no proxecto "Un espazo novo na axenda de Lisboa" (ESPAZO XUVENIL), aprobado ao abeiro do Programa de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal 2007 - 2013 (POCTEP), que lidera a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e o Instituto Português da Juventude. Ao longo das actividades do proxecto temos unha serie de colaboradores que unen esforzos e materializan accións como a que presentamos, que conta coa colaboración, para a súa elaboración, da Fundación Galicia Europa.

O carácter transversal das políticas de Xuventude fai que sexa imprescindible traballar coas competencias das administracións que teñan responsabilidades de actuacións e axudas en materia de formación, emprego, vivenda, novas tecnoloxías, Unión europea... Hoxe en día non é posible concibir unha política de xuventude moderna, eficaz e comprometida sen a coordinación efectiva de todas as accións e programas das diferentes administracións e departamentos. Ser capaces de poder poñer en común aos diferentes departamentos que colaboran nesta guía, demostra que estamos no bo camiño.

A través desta publicación preténdese dar unha información, sinxela e sintética, da ampla variedade de programas e axudas que desde a Unión Europea se ofrecen para a xuventude, poñendo especial énfase naquelas que van dirixidas ao fomento do espírito emprendedor entre os máis novos; ten que ser entendida como unha síntese de contidos de rápida accesibilidade, mais non estaría completa sen as múltiples referencias a páxinas webs, que permite, nesta era da información electrónica, complementar debidamente esta información.

O desenvolvemento da capacidade emprendedora é un dos obxectivos de ESPAZO XUVENIL, ver as oportunidades que se poden presentar no contorno comunitario e apoiar ao afianzamento do espírito emprendedor é a consecuencia desta edición.

Tomar a iniciativa, levar as ideas á práctica, identificar oportunidades, desenvolver capacidades, deseñar ferramentas ou crear novos produtos e servizos... son características innatas na nosa mocidade; desde a administración galega e comunitaria queremos reforzar e consolidar esta vontade e esforzo co fin de poder transformar os seus retos e desafíos.

Trala formación realizada ao longo deste ano, a Guía así como outras iniciativas e premios para a creación de empresas en 2010 a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e o Instituto Português da Juventude proporcionan un valor engadido que sen dúbida axudará a creación de novas empresas ou a apoiar actividades, como a participación en redes rendibles, a busca de produtos máis competitivos, novas tecnoloxías, mellora do acceso á innovación ou a cooperación transfronteiriza como impulso esencial para as empresas e os novos emprendedores.

Facilitar un acceso máis fácil e maioritario aos programas e axudas de apoio, a necesidade de soporte financeiro directo, a identificación de instrumentos financeiros, apoio na procura de socios no marco dun proxecto europeo son as liñas finais desta nova acción que se pon a disposición de calquera mozo.

Ovidio Rodeiro Tato
Director xeral de Xuventude e Voluntariado
Consellería de Traballo e Benestar

introdución

A Fundación Galicia Europa ten entre as súas funcións a cooperación institucional e técnica en apoio das actuacións da Administración autonómica en relación co proceso de integración europea, especialmente naquelas materias relacionadas coas políticas rexionais e sectoriais, e a canalización da información que se xere no ámbito da Unión Europea e que sexa de interese para os distintos departamentos da Xunta de Galicia, en particular, e para a sociedade galega en xeral.

É por isto que, a Fundación Galicia Europa en coordinación coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e o Instituto Portugués da Xuventude promoven esta guía para que poida servir de referente ou documento inicial de cara á posta en marcha dunha idea empresarial, dunha iniciativa de mobilidade ou dun programa de intercambio.

Con este fin, e nun contexto de crise, ante o exceso de información da que actualmente dispoñen as sociedades modernas, entre elas a galega, ponse a disposición das mozas e mozos galegos unha publicación que poida ofrecer unha visión global e sinxela, das principais políticas e programas dos que dispón a Unión Europea dirixidos á mocidade.

A coordinación entre Administracións para a posta en coñecemento das súas políticas e intervencións, neste caso esténdese ao norte de Portugal, e no marco da Eurorrexión a colaboración coa Administración Portuguesa é froito dun programa transnacional da Unión Europea, sendo este un claro exemplo de colaboración cunha repercusión directa sobre o colectivo xuvenil e a sociedade en xeral.

Jesús Mª Gamallo Aller
Director – Apoderado da Fundación Galicia Europa

programas comunitarios

Ambiente, enerxía e transporte

Life+ · CIP-EIE · Marco Polo II · RTE-T



programas comunitarios

LIFE +

2007-2013

descrición

LIFE+ é o instrumento financeiro para o medio ambiente da UE. O devandito programa substitúe a outros instrumentos (como LIFE, o programa de cooperación para o desenvolvemento sostible no medio urbano, o programa de fomento das organizacións non gobernamentais e Forest Focus) co fin de reunilos nun conxunto único de normas e procedementos de decisión e de focalizar de forma máis coherente as intervencións comunitarias, facéndoas así máis eficaces. O obxectivo xeral de LIFE+ é contribuír á aplicación, actualización e desenvolvemento da política e lexislación comunitaria en materia de medio ambiente, incluída a integración do medio ambiente noutras políticas, co cal contribuirá ao desenvolvemento sostible. En particular LIFE+ apoia a aplicación do 6º Programa de Acción Comunitaria en materia de medio ambiente.

LIFE+ consta de tres ámbitos temáticos:

- LIFE+ Natureza e Biodiversidade
- LIFE+ Política e Gobernación Medioambiental
- LIFE+ Información e comunicación

base legal

Regulamento (CE) Nº 614/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao instrumento Financeiro para o Medio Ambiente LIFE+.

accións financiadas

As accións financiadas, recollidas no Anexo I do Regulamento 614/2007, son as seguintes:

- Actividades operativas de ONG activas fundamentalmente na protección e a mellora do medio ambiente a nivel europeo e que participen no desenvolvemento e a aplicación das políticas e a lexislación comunitaria.
- Desenvolvemento e mantemento de redes, bases de datos e sistemas informáticos conectados directamente á execución das políticas e a lexislación comunitaria en materia de medio ambiente, en particular cando se trate de mellorar o acceso do público á información en materia de medio ambiente.
- Estudos, análise, modelización e elaboración de hipóteses de traballo.
- Seguimento, incluído o dos bosques.
- Axuda á creación de capacidades.
- Formación, talleres de traballo e reunións, incluída a formación de axentes que participen en iniciativas de prevención de incendios forestais.
- Constitución de redes e plataformas de boas prácticas.
- Accións de información e comunicación, incluídas campañas de sensibilización e, en particular, campañas de sensibilización para a prevención dos incendios forestais.
- Demostración de formulacións, tecnoloxías, métodos e instrumentos políticos innovadores.

No tocante ao compoñente de natureza e biodiversidade:

- Xestión de sitios e especies e planificación de sitios, incluída unha mellor coherencia ecolóxica da rede Natura 2000.
- Seguimento do estado de conservación, o cal abarca o establecemento de procedementos e estruturas para o devandito seguimento.
- Concepción e execución de plans de acción para a conservación de especies e hábitats.
- Ampliación da rede Natura 2000 a zonas mariñas.
- Compra de terras.

subvención

O orzamento global é de 2.143 millóns de euros. A porcentaxe de cofinanciamento xeral é do 50%; excepcionalmente pode chegar ao 75% para proxectos LIFE+ Natureza e Biodiversidade relativos a hábitats ou especies prioritarias (Directiva 92/43/CEE). O orzamento medio dos proxectos é de 1 millón de euros (aínda que se poden financiar proxectos de máis orzamento). O financiamento comunitario pode adoptar varias formas: subvencións (acordos marco de cooperación, participación en fondos e mecanismos financeiros, ou cofinanciamento de subvencións de funcionamento ou de subvencións para actividades concretas) ou contratos públicos (compra de bens e servizos).

requisitos

Os beneficiarios do programa son as entidades establecidas nos Estados membros da Unión Europea, tanto as institucións coma os axentes ou organismos públicos ou privados. Ademais, os programas financiados a través de LIFE+ están abertos á participación dos países terceiros membros da Axencia Europea do Medio Ambiente, países candidatos á adhesión á Unión Europea e países dos Balcáns Occidentais que forman parte do Proceso de Estabilización e Asociación.

Os proxectos deben reunir os seguintes requisitos:

- Revestir interese comunitario pola súa contribución significativa ao desenvolvemento, aplicación e actualización da política e a lexislación comunitaria de medio ambiente.
- Ser técnica e financeiramente coherentes, viables e rendibles.
- Cumprir polo menos un dos seguintes criterios: ser proxectos de mellores prácticas ou proxectos de demostración en materia de protección dos hábitats ou as aves silvestres, ser proxectos innovadores ou proxectos de demostración a nivel comunitario en relación cos obxectivos da política de medio ambiente, ser campañas de sensibilización e formación especial dos axentes encargados da prevención de incendios forestais, ou ser proxectos para a supervisión ampla, harmonizada, completa e a longo prazo dos bosques e das interaccións medioambientais.
- O programa estratéxico plurianual establecido no anexo II do Regulamento especifica os ámbitos de acción prioritarios.

cando e onde pode solicitarse

A Comisión realiza convocatorias de propostas anuais prestando atención especialmente ao programa estratéxico plurianual establecido no anexo II e ás prioridades anuais nacionais que se lle presenten. Entre os proxectos presentados, a Comisión decide cáles poden recibir axuda financeira de LIFE+ e publica con periodicidade a lista deses proxectos.

web

http://ec.europa.eu/environment/life/funding/lifeplus2009/call/index.htm

programas comunitarios

CIP-EIE

Programa Marco para a Innovación e a Competitividade (CIP)

Programa Enerxía Intelixente - Europa (EIP)
2007-2013

Intelligent Energy Europe

descrición

O programa Enerxía Intelixente-Europa ten por obxecto favorecer o desenvolvemento sostible no ámbito enerxético, achegando unha contribución equilibrada á consecución dos obxectivos xerais de seguridade do abastecemento enerxético, a competitividade e a protección do medio ambiente. Convertido nun dos piares do Programa Marco para a Innovación e a Competitividade (CIP), este programa dá continuidade a Enerxía Intelixente Europa (2003-2006), que, pola súa banda substituíra aos programas desenvolvidos dentro do área da enerxía durante o período 1998-2002 (Altener, CARNOT, ETAP, SAVE, SURE e Synergy). Xestionado pola Axencia Executiva de Enerxía Intelixente (IEEA), Enerxía Intelixente-Europa consta de tres eidos de actuación:

- Fomentar a eficiencia enerxética e a utilización racional dos recursos enerxéticos (SAVE).
- Promover fontes de enerxía nova e renovable, e fomentar a diversificación enerxética (ALTENER).
- Promover a eficiencia enerxética e o uso de fontes de enerxía renovable no transporte (STEER).

base legal

DOUE L 310/15, 11/09/2006. Decisión 1639/2006/CE do 24 de outubro de 2006, pola que se establece un programa marco para a innovación e a competitividade (2007-2013).

accións financiadas

O programa Enerxía Intelixente-Europa non financia proxectos técnicos de investigación e desenvolvemento senón que actúa como promotor de cambios institucionais, legais, no mercado ou no contorno socioeconómico (como formación, intercambio de boas prácticas, difusión de resultados...) que permiten mellorar as condicións para que se desenvolva o progreso técnico. Unha parte do orzamento do programa está destinada ao financiamento de novas propostas técnicas que, tendo xa demostrada a súa eficacia, non puidesen ser incorporadas aínda ao mercado. Dentro dese apartado específico pódese obter financiamento para infraestrutura enerxética.

subvención

O orzamento global do programa é de 727 millóns de euros. A taxa de cofinanciamento máxima é do 75% dos custos dun proxecto.

requisitos

Os beneficiarios son as persoas xurídicas, públicas ou privadas, establecidas no territorio dos Estados membros. O programa está tamén aberto a persoas xurídicas establecidas en países membros da Asociación Europea de Libre Comercio (EFTA) que asinen o acordo do EEE (Noruega, Islandia e Liechtenstein); aos países adheridos e candidatos que se beneficien dunha estratexia de preadhesión; aos países dos Balcáns Occidentais; e aos países terceiros, cando os tratados e procedementos así o permítan. As solicitudes deben estar compostas por un equipo de polo menos tres participantes independentes establecidos nos territorios de tres países diferentes participantes. Na práctica, as propostas exitosas adoitan contar con 8-9 socios. Para as novas axencias de xestión da enerxía local e rexional, as solicitudes deben presentarse por unha admnistración pública local ou rexional establecida nun dos países participantes. Os solicitantes deben ter recursos estables e suficientes para manter a súa actividade ao longo do período durante o cal a acción se levará a cavo. O solicitante debe ter as facultades e cualificacións requiridas para completar a acción proposta. Os proxectos deben ter unha duración de entre 24 meses como mínimo e 36 meses como máximo. O programa de traballo anual recolle de forma detallada as prioridades así como as medidas necesarias para a súa execución; os obxectivos cualitativos e cuantitativos; os criterios de avaliación e os indicadores cualitativos e cuantitativos axeitados para analizar a eficacia na obtención de resultados que contribúan ao logro dos obxectivos dos programas específicos e do programa marco no seu conxunto; os calendarios operativos; as normas da participación; e os criterios para a selección e a avaliación das medidas.

cando e onde pode solicitarse

Convocatoria anual. Pódese realizar en liña.

web

http://ec.europa.eu/energy/intelligent/index_en.html

programas comunitarios

MARCO POLO II

2007-2013

MARCO POLO

descrición

O obxectivo do programa Marco Polo II é financiar accións que reduzan a conxestión da rede viaria europea, que melloren a eficiencia ambiental do sistema europeo de transporte, e que promovan o transporte intermodal para conseguir que o sistema europeo de transporte maximice o valor que engade á economía comunitaria e minimice os impactos negativos que esta actividade ten sobre o medio ambiente.

base legal

Regulamento (EC) 1692/2006 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de outubro de 2006 que establece o II Programa Marco Polo para o financiamento de apoio financeiro comunitario para accións de mellora da xestión ambiental do sistema do transporte de mercadorías.

accións financiadas

O financiamento esta focalizado no transporte de mercancías a través de calquera modo de transporte (coa excepción do aéreo). Este financiamento só cobre servizos, e non investigacións nin estudos. Os proxectos que recibirán axuda comunitaria poden responder a diversas categorías. O primeiro grupo de axuda (en torno ao 80% do total subvencionado) é o que busca a transferencia entre modos de transporte, basicamente da estrada cara ao mar (por autoestradas do mar ou cabotaxe), cara á estrada ou as vías navegables continentais. Estes proxectos deben ter viabilidade económica en, polo menos, tres anos, período no cal recibirán axuda para cubrir déficits que se ponderan polas toneladas-quilómetro que se movan dun modo a outro. As subvencións serán dun euro por 500 toneladas por quilómetro transferidas cun limiar mínimo de 250 millóns Tm-km. A axuda máxima sitúase nun 35% dos custos necesarios para alcanzar os obxectivos propostos no proxecto. Outra liña de axuda son as chamadas "de efecto catalizador". Baixo este epígrafe inclúense proxectos innovadores que permiten superar os obstáculos estruturais do mercado, ben sexa en clave loxística, tecnolóxica, de implantación de novos métodos, ou equipamentos. O seu horizonte de financiamento son cinco anos e deben ser viables tras este período. Neste caso o programa cobre o 35% dos custos cun limiar de financiamento de dous millóns de euros. Tamén serán subvencionados os proxectos de "aprendizaxe común". Estes proxectos buscan a mellora dos coñecementos do sector da loxística e do transporte de mercadorías, fomentando os métodos de cooperación. O seu prazo de consecución de obxectivos é de 24 meses, cunha subvención do 50% e un limiar de axudas de 250.000 euros. Hai unhas liñas específicas para apoiar as "autoestradas do mar", para transferir cargas da estrada ao SSS (Short Sea Shipping), tamén cunha ponderación de axudas en función de porcentaxe transferida e cun marco de subvención de cinco anos.

subvención

O orzamento global do programa é de 400 millóns de euros. Para o ano 2009 o orzamento foi de 62 millóns de euros, para un total de 35 proxectos. As condicións de financiamento específicas para cada acción pódense atopar no texto íntegro da convocatoria.

requisitos

Os candidatos a recibir as subvencións deste programa deben formar consorcios de polo menos dúas empresas comerciais (públicas ou privadas) inscritas no rexistro comercial dos 27 Estados membros, así como aquelas de Estados veciños da UE que asinen un acordo específico. As empresas de terceiros Estados non veciños poden participar no programa pero sen recibir financiamento comunitario.

cando e onde pode solicitarse

Este programa é xestionado pola Dirección Xeral de Transporte da Comisión Europea con sede en Bruxelas. As convocatorias serán anuais publicadas no primeiro cuarto de cada ano.

web

http://ec.europa.eu/transport/index_en.htm

programas comunitarios

RTE-T

Rede Transeuropea de Transporte

2007-2013

descrición

A realización da rede transeuropea de transporte contribúe ao bo funcionamento do mercado interior e ao reforzo da cohesión económica e social. Conforme o programa plurianual de traballo da Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T) para o período 2007-2013, a Dirección Xeral de Enerxía e Transportes da Comisión Europea convoca propostas con vistas á concesión de subvencións nos seguintes campos: Autoestradas do mar (MOS), Sistemas de transporte intelixentes para o tráfico por estrada (ITS) e Sistemas europeos de xestión do tráfico ferroviario (ERTMS)

base legal

Artigos 154, 155 e 156 do Capítulo XV do Tratado da UE. Decisión nº 1692/96/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 23 de xullo de 1996 sobre as orientacións comunitarias para o desenvolvemento da rede transeuropea de transporte, modificado pola Decisión nº 884/2004/CE de 29 de abril de 2004.

accións financiadas

A axuda financeira prevista focalízase nos seguintes campos de actuación:

RTE-T Proxecto Prioritario nº 21 - Autoestradas do mar (MOS).

As propostas de proxectos deben centrarse nas instalacións e infraestruturas que constitúen a rede das autoestradas do mar no marco do concepto porta a porta. Tamén poden incluír estudos preparatorios para a implementación de fases posteriores dos proxectos. Os proxectos deberán reducir a conxestión das estradas a través da transferencia entre modos de transporte e/ou aumentar a accesibilidade das rexións periféricas e insulares. Unha vez implementados, deberían converterse en elementos constitutivos do marco xeral da rede de autoestradas do mar para a rexión da que se trate e para a Unión Europea.

Proxectos no campo dos sistemas de transporte intelixentes para o tráfico por estrada (ITS). Os Proxectos deberán desenvolver os seguintes obxectivos/actividades:

- O uso óptimo dos datos de tráfico, estradas e viaxe
- Continuidade dos servizos de xestión intelixente de tráfico e carga nos corredores europeos, até os intercambios cos sistemas urbanos e inter-urbanos
- Seguridade integral no tráfico
- Integración dos vehículos nas infraestruturas de transporte
- Protección e seguridade da información
- Cooperación e coordinación

Proxectos no campo dos sistemas europeos de xestión do tráfico ferroviario (ERTMS)

- Instalación ou adaptación de equipos ETCS (European Train Control System) embarcados (ETCS versión 2.3.0d cunha cláusula de mellora incluída no contrato ETCS versión 3)
- Instalación de equipamento de vía ERTMS, incluíndo a verificación e tests de conformidade en caso necesario.
- Actividades relacionadas co Memorando de Entendemento, e en particular no relacionado coa compatibilidade coa versión ETCS 2.3.0d, o desenvolvemento da liña de base 3 e a mellora dos tests de procedemento tanto para ETCS como para GRM-R.

subvención

O financiamento para o período 2007-2013 é de 8.013 millóns de euros.

requisitos

Administracións públicas e empresas privadas que teñan a súa sede social na Unión Europea (UE) e que conten coa autorización das autoridades estatais responsables da infraestrutura viaria europea (transporte por estrada, ferroviaria, marítima e fluvial). Non se require un número mínimo de socios aínda que boa parte das redes transeuropeas céntranse nas conexións transfronteirizas polo que se requiriría do acordo das autoridades responsables das redes nacionais.

cando e onde pode solicitarse

Este programa é xestionado pola Dirección Xeral de Transporte da Comisión Europea con sede en Bruxelas. A convocatoria do programa é plurianual.

web

http://ec.europa.eu/transport/infrastructure/index_en.htm

programas comunitarios

I+D+i

7PM · CIP-EIP · CIP-ICT PSP · Eureka · Eurostars · ECO-Innovation

programas comunitarios

7PM

Sétimo Programa Marco de Investigación
e Desenvolvemento Tecnolóxico
2007-2013

descrición

O coñecemento encóntrase na mesma esencia da Estratexia de Lisboa da Unión Europea para converterse na « economía baseada no coñecemento máis dinámica e competitiva do mundo». O chamado « triángulo do coñecemento» — investigación, educación e innovación— representa un factor esencial dos esforzos europeos para cumprir os ambiciosos obxectivos da axenda política europea. A escala comunitaria lévanse a cabo numerosos programas, iniciativas e medidas de apoio que apoian ao coñecemento. O Sétimo Programa Marco (7PM) agrupa todas as iniciativas comunitarias relativas á investigación baixo un mesmo teito e desenvolve un papel crucial no logro dos obxectivos de crecemento, competitividade e emprego, complementado polo novo Programa Marco para a Competividade e a Innovación (CIP), programas de educación e formación e Fondos Estruturais e de Cohesión en apoio da converxencia e a competitividade das rexións. Constitúe tamén un piar fundamental do espazo europeo de investigación (EEI). Os amplos obxectivos do 7PM agrúpanse en catro categorías: Cooperación, Ideas, Persoas e Capacidades. Para cada tipo de obxectivo existe un programa específico que se corresponde coas áreas principais da política de investigación da UE. Todos os programas específicos colaboran en promover e alentar a creación de polos europeos de excelencia (científica).

base legal

Decisión Nº 1982/2006/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativa ao Sétimo Programa Marco da comunidade Europea de investigación e desenvolvemento tecnolóxico e demostración (2007 a 2013). Regulamento (CE) Nº 1906/2006 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen as normas de participación de empresas, centros de investigación e universidades nas accións do Sétimo Programa Marco, e as normas de difusión dos resultados da investigación (2007 a 2013).

accións financiadas

Os catro programas específicos son:

COOPERACIÓN: presta apoio a toda a gama de actividades de investigación realizadas mediante formas de cooperación transnacional nos seguintes campos temáticos:

- Saúde
- Alimentos, agricultura e pesca, e biotecnoloxía
- Tecnoloxías da información e da comunicación
- Nanociencias, nanotecnoloxías, materiais e novas tecnoloxías de produción
- Enerxía
- Medio ambiente (incluído o cambio climático)
- Transporte (incluída a aeronáutica)
- Ciencias socioeconómicas e humanidades
- Espazo
- Seguridade

IDEAS: Apoio á investigación "impulsada polos investigadores" realizada en todos os campos por equipos nacionais ou transnacionais independentes que compitan a nivel europeo.

PERSOAS: Fortalecemento, cuantitativo e cualitativo, do potencial humano da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico en Europa, así como o estímulo da mobilidade.

CAPACIDADES: Apoio a aspectos clave da capacidade de investigación e innovación europea:

- Infraestruturas de investigación
- As agrupacións rexionais impulsadas pola investigación
- O desenvolvemento de todo o potencial investigador das rexións comunitarias de converxencia e ultraperiféricas
- Investigación destinada ás pequenas e medianas empresas (PEME)
- As cuestións de "Ciencia e sociedade"
- Apoio ao desenvolvemento coherente das políticas
- Actividades "horizontais" de cooperación internacional

subvención

- Un orzamento total de 50.521 millóns de euros para o período 2007 - 2013, dividido do seguinte xeito:
  1. Cooperación: 32.413 millóns de euros.
  2. Ideas: 7.510 millóns de euros.
  3. Persoas: 4.750 millóns de euros.
  4. Capacidades: 4.097 millóns de euros.
  5. Centro Común de Investigación: 1.751 millóns de euros.
- O principio básico do financiamento do 7PM é o cofinanciamento. Isto significa que, en xeneral, a Comisión non «compra» servizos de investigación a base de firmar contratos e pagar determinado prezo, senon que concede subvencións a proxectos para cubrir certa porcentaxe dos custos totais. As porcentaxes máximas de reembolso dos custos de determinado proxecto dependerán do réxime de financiamento concreto, da categoría xurídica do participante e do tipo de actividade en cuestión. A porcentaxe común de reembolso para as actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico é o 50%. Determinadas entidades xurídicas poden alcanzar o 75%

(entes públicos non lucrativos, PEME, organizacións de investigación, centros de educación secundaria e superior). A porcentaxe de reembolso para as actividades de demostración é do 50%. Para outras actividades (xestión de consorcios, creación de redes, formación, coordinación, difusión, etc.), o reembolso pode ser de ata o 100% dos custos elixibles). O reembolso do 100% tamén se aplica a accións de investigación fronteiriza do Consello Europeo de Investigación.

• Non existe un mínimo ou un máximo común para todos os proxectos. Os importes varían segundo o subprograma e a convocatoria.

• O tamaño dos proxectos varía igualmente segundo o subprograma e a convocatoria.

• A Comisión publica convocatorias de propostas a proxectos, de expertos, de servizos e convocatorias de concurso segundo os requisitos fixados nos programas específicos e programas de traballo correspondentes. As primeiras destas convocatorias publicáronse o 22 de decembro de 2006. Publícase anualmente un programa de traballo.

requisitos

• Precísanse socios. O número e tipo de socios pode variar segundo o subprograma e a convocatoria.

• A participación no 7PM está aberta a un amplo abanico de organizacións e individuos:

- grupos de investigación de universidades ou institutos de investigación;
- empresas que desexen innovar;
- pequenas e medianas empresas (PEME);
- asociacións ou agrupacións de PEME;
- administración pública ou gobernamental (municipal, rexional ou nacional);
- investigadores na fase inicial da súa carreira (estudantes de posgrao);
- investigadores experimentados;
- institucións que estean a cargo de infraestruturas de investigación de interese transnacional;
- organizacións e investigadores de terceiros países;
- organizacións internacionais;
- organizacións da sociedade civil.

• Esta lista non é exhaustiva, senon que se ofrece a título meramente orientativo.

• Como regra xeral, o 7PM está aberto a participantes de calquera país do mundo. Os procedementos de participación e as posibilidades de financiamento varían segundo o país. Como é natural, os Estados membros da UE gozan dos dereitos o do acceso ao financiamento máis amplo. Exactamente aplicaranse as mesmas condicións aos Estados membros e aos países asociados ao 7PM (países que realizan achegas ao orzamento global do 7PM). Outro grupo importante son os países socios na cooperación internacional (por exemplo, Rusia e outros estados do leste de Europa e de Asia Central, países en vías de desenvolvemento, países socios mediterráneos, países dos Balcáns Occidentais). Os participantes destes países teñen dereito a recibir financiamento nas mesmas condicións que os Estados membros da UE. Únicamente existe unha restrición para eles e é que os consorcios deberán contar cun número mínimo esixido de participantes dos Estados membros ou de países asociados. Tamén poden participar quen proceda de países industrializados de rendas altas, se ben con financiamento propio, xa que se concederá financiamento comunitario somentes en casos excepcionais.

• As normas de participación difiren segundo a iniciativa de investigación da que se trate.

• Poden fixarse prioridades distintas en cada subprograma e convocatoria.

cando e onde pode solicitarse

Non existe un período determinado no que se publiquen as convocatorias. No marco do 7PM, e a través dos seus catro subprogramas, publícanse numerosas convocatorias ao longo de todo o ano. Na páxina web do programa pódense atopar todas as convocatorias.

web

• Apoio da participación das universidades españolas no 7PM
http://www.7pm.es/

• Coordinación Española do Sétimo Programa Marco de I+D
http://ciencia.micinn.fecyt.es/ciencia/jsp/plantilla.jsp?id=35&area=viProgMarco

• Cordis
http://cordis.europa.eu/fp7/

• Oficina Española de Ciencia y Tecnología
http://www.sost.es/

• Servizo de apoio de Cordis (preguntas)
http.://ec.europa.eu/research/index.cfm?pg=enquiries

• Servizo Europeo de I+D da CRUE
http://idcrue.dit.upm.es/

programas comunitarios

CIP-EIP

Programa Marco para a Innovación e a Competitividade

Programa para a Iniciativa Empresarial e a Innovación

2007-2013

descrición

O programa para a iniciativa empresarial e a innovación é un programa de apoio ás empresas, en particular ás pemes, ao espírito empresarial, á innovación -incluída a innovación ecolóxica- e á competitividade industrial. Uníndose aos esforzos comunitarios dirixidos a lograr un crecemento económico duradeiro e a crear máis emprego, o programa marco para a innovación e a competitividade (CIP) propón un marco coherente para mellorar a competitividade e o potencial innovador dentro da Unión Europea. O programa marco responde aos obxectivos da estratexia de Lisboa renovada en favor dunha acción comunitaria simplificada, máis visible e máis específica. O CIP facilita, pois, o acceso ao financiamento para as empresas cuxas actividades se centren na innovación, a investigación e o desenvolvemento. Así mesmo, axudará ás empresas a participar no 7º programa marco para accións de investigación e desenvolvemento tecnolóxico (7º PM-IDTD). O programa marco substitúe ao programa plurianual en favor da empresa e o espírito empresarial, en particular para as pemes (2001-2006) e adopta tamén o apartado de tecnoloxías ambientais anteriormente xestionadas baixo o programa LIFE.

base legal

DOUE L 310/15, 11/09/2006. Decisión 1639/2006/CE de 24 de outubro de 2006, pola que se establece un programa marco para a innovación e a competitividade (2007 a 2013).

accións financiadas

O programa para a iniciativa empresarial e a innovación cofinancia as accións que teñan por obxectivo:

- O acceso a financiamento para a posta en marcha e o crecemento das pemes.
- A cooperación entre pemes, especialmente no ámbito da cooperación transfronteiriza.
- A innovación nas empresas, especialmente a innovación ecolóxica
- A iniciativa empresarial e a cultura da innovación.
- A reforma económica e administrativa relacionada coa empresa e a innovación.

Así mesmo, pon en marcha os seguintes instrumentos financeiros para as pemes:

- O mecanismo para as pemes innovadoras e de rápido crecemento (MIC).
- O mecanismo de garantía peme.
- O sistema de desenvolvemento de capacidades.

O obxectivo dos instrumentos financeiros comunitarios é facilitar o acceso da peme ao financiamento en determinadas fases do seu ciclo de vida, a saber: as fases de lanzamento, de posta en marcha, de expansión e de transmisión de empresas. O ámbito dos instrumentos pertinentes abarca tamén os investimentos das pemes en actividades como o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación, incluída a innovación tecnolóxica, e a transferencia de tecnoloxía, así como na expansión transfronteiriza da súa actividade comercial. O Fondo Europeo de Investimentos (FEI) xestiona o MIC e o Mecanismo de Garantía pemes en nome da Comisión. O sistema de desenvolvemento de capacidades xestiónase en cooperación con institucións financeiras internacionais, tales como o Banco Europeo de Reconstrución e Desenvolvemento (BERD), o Banco Europeo de Investimentos (BEI), o FEI e o Banco de Desenvolvemento do Consello de Europa.

subvención

A dotación financeira para a execución do programa ascende a 2.172.780.000 euros e o máximo financiado é do 60%.

requisitos

A Comisión publica anualmente un programa de traballo no que se establecen detalladamente:

- as medidas necesarias para a execución das accións do programa;
- as prioridades;
- os obxectivos cualitativos e cuantitativos;
- os criterios de avaliación e os indicadores cualitativos e cuantitativos adecuados para analizar a eficacia na obtención de resultados que contribúan ao logro dos obxectivos dos programas específicos e do programa marco no seu conxunto;
- os calendarios operativos;
- as normas de participación;
- os criterios para a selección e avaliación das medidas.

O programa de traballo anual indica claramente qué medidas fomentan a innovación ecolóxica.O CIP conxúgase con outras iniciativas comunitarias importantes. As súas distintas accións aplícanse paralelamente e compleméntanse mutuamente. O programa marco contribúe, pois, a alcanzar os obxectivos comunitarios en materia de investigación, cohesión, medio ambiente, educación e formación.

cando e onde pode solicitarse

Este programa é xestionado pola Dirección Xeral de Empresa e Industria da Comisión Europea con sede en Bruxelas. A convocatoria do programa é anual.

web

http://ec.europa.eu/enterprise/enterprise_policy/cip/index_en.htm

programas comunitarios

CIP-ICT PSP

Programa Marco para a Innovación e a Competitividade

Programa de Apoio á Política en materia de Tecnoloxías da Información e a Comunicación (ICT PSP) 2007-2013

ICTPSP



Programa de apoio á política en materia de Tecnoloxías da Información e a Comunicación (ICT PSP)

descrición

ICT-PSP é un programa amparado polo marco estratéxico CIP (Programa de Competitividade e Innovación). Ten por obxectivo estimular a innovación e a competitividade a través da achega e mellor utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) polos cidadáns, institucións e empresas (especialmente pemes). O programa facilita, igualmente, o desenvolvemento de mercados para ideas innovadoras no campo das TIC e amplía as oportunidades empresariais para as pemes máis innovadoras. Trátase de crear oportunidades de mercado e mellores servicios para as pemes, en lugar de dotalas con subvencións directas. O obxectivo é optimizar o uso dos recursos dispoñibles para o programa e construír un complemento a outras iniciativas existentes a nivel nacional e rexional. O ITC-PSP é un dos principias instrumentos financieros da iniciativa i2010, adoptada pola Unión Europea en 2005 co obxectivo de promover unha economía dixital aberta e competitiva, fortalecendo a innovación e a inversión nas TIC.

base legal

Decisión N° 1639/2006/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de outubro de 2006 pola que se establece un programa marco para a innovación y a competitividade (2007-2013)

accións financiadas

ICT PSP subvenciona grandes proxectos piloto de dimensión europea e o establecemento de redes temáticas de cooperación a nivel europeo nos seguintes eidos:

1. TIC para as administracións e os sevizos públicos:

- Preparación e aplicación da Directiva de Servizos.
- Redución das cargas administrativas en toda Europa.
- Dotación dunha maior accesibilidade e eficacia dos servizos de emerxencia.
- Utilización das TIC para a asistencia a persoas anciás ou con forte dependencia.
- Mellora da certificación de productos para a saúde.

2. TIC para a eficiencia enerxética e a sostibilidade nas zonas urbanas

- TIC para a eficiencia enerxética en edificios e espazos públicos, incluída a iluminación.
- Infraestrutura de servizos TIC para a xestión e adaptación do transporte urbano.
- Creación e intercambio de experiencias en materia TIC para a eficiencia enerxética nas zonas urbanas.

3. Seguridade en Internet: intercambio de experiencias e boas prácticas.

- Mellora da tecnoloxía RFID a nivel europeo (Radio Frequency Identification).
- Creación de infraestrutura para unha información segura e para a tecnoloxía biométrica.
- Xeneralización da utilización de internet.

A convocatoria de axudas anual subvenciona os seguintes tipos de accións:

Accións Piloto A: destinadas a garantir a interoperabilidade e o acceso transfronteirizo aos servizos TIC que xa existen ou funcionan nos Estados membros, de forma que se evite a fragmentación do mercado de servizos e produtos innovadores. Non se financiará a implantación a nivel nacional dun servizo, senón só o acceso transfronteirizo. Os seus resultados deben consistir en solucións comúns de interoperabilidade que se difundan amplamente na UE. Trátase de grandes proxectos (de entre 10 e 20 millóns de euros) subvencionados ao 50% pola Comunidade Europea e levados a cabo por consorcios integrados por un mínimo de seis Estados membros. A representación nacional de cada consorcio debe estar liderada por un organismo da administración nacional ao que se poden asociar pemes, asociacións de usuarios ou administracións doutros niveles baixo as condicións que a administración nacional dispoña.

Accións Piloto B: apoian a posta en práctica por primeira vez de novas solucións baseadas nas TIC, tanto no sector privado como no público. A innovación nestas accións é imprescindible, podendo consistir na utilización dun traballo completo de I+D, na extensión de prototipos xa ensaiados ou na integración de diferentes solucións parciais para a elaboración dun enfoque innovador. Trátase de proxectos de 2 a 3 anos de duración, cun custe aproximado de entre 4 e 6 millóns de euros (dos que a C.E financia como máximo a metade). Deben presentarse a esta convocatoria consorcios integrados por entidades dun mínimo de catro Estados membros. O consorcio debe implicar á cadea completa do servizo: administracións públicas, prestadores de servizos, empresas do sector e usuarios. É posible engadir novos socios ao longo do proxecto.

Redes temáticas: conforman un foro onde todos os actores interesados poden intercambiar experiencias e desenvolver novas ferramentas para a posta en práctica de políticas de Sociedade da Información, como a preparación de futuras accións piloto ou o desenvolvemento de estratexias conxuntas transfronteirizas. Esíxese a participación mínima de sete actores clave de sete Estados membros diferentes. As redes deben estar abertas. A contribución da Comisión oscila entre os 300.000 e os 500.000 euros por rede, a través de pagamentos anuais a tanto alzado segundo un baremo establecido.

subvención

O orzamento para o programa durante toda a súa duración ascende a 730 millóns de euros.

requisitos

Poden participar neste programa as pemes capaces de ofrecer solucións innovadoras baseadas nas TIC, sempre que se asocien cos usuarios finais dos produtos, servizos ou procedementos desenvolvidos.

Poderán participar no programa, pemes establecidas nos seguinte países:

- Os 27 Estados membros da Unión Europea,
- Os países da Asociación Europea de Libre Comercio (AELC) membros do Espazo Económico Europeo (EEE), en cumprimento dos requisitos establecidos no Acordo EEE (Islandia, Liechtenstein y Noruega),
- Os países candidatos e os países adherentes afectados pola estratexia de pre-adhesión, de conformidade cos principios xerais, as modalidades e condicións relativas á participación destes países en programas da UE,
- Os países dos Balcáns Occidentais, de conformidade coas disposicións que se establezan con ditos países tralo establecemento de acordos marco sobre a súa participación en programas comunitarios,
- Outros países, cando os acordos e procedementos o permitan.

O programa está destinado a todas as entidades legais destes territorios, tanto empresas como administracións públicas.

cando e onde pode solicitarse

Este programa é xestionado dende a Dirección Xeral de Sociedade da Información da Comisión Europea con sede en Bruxelas. A convocatoria adoita saír en primavera (abril ou maio) para cerrarse en outono (setembro-outubro). O programa anual publicado a finais do ano precedente establece as prioridades fixadas para cada convocatoria. En 2008, por exemplo, as prioridades centráronse no uso das TIC para mellorar os servizos da administración pública, para contribuír a inclusión social e para a aplicación de medidas de eficiencia enerxética. O programa de traballo tamén recolle as licitacións que se prevén publicar durante o ano para a elaboración de estudos ou organización de conferencias de alto nivel.

web

http://ec.europa.eu/information_society/activities/ict_psp/about/index_en.htm

programas comunitarios

Eureka

descrición

EUREKA é unha iniciativa intergubernamental de apoio á I+D+i no ámbito europeo que ten como obxecto impulsar a competitividade das empresas europeas mediante o fomento da realización de proxectos tecnolóxicos de colaboración, orientados ao desenvolvemento de produtos, procesos e/ou servizos con claro interese comercial no mercado internacional e baseados en tecnoloxías innovadoras.

A rede EUREKA está constituída por 38 países. Cada país asume o financiamento das súas empresas e institutos. EUREKA avala os proxectos aprobados mediante un "selo de calidade" que, ademais de ser un elemento promocional e de recoñecemento do nivel tecnolóxico, fai a empresa acreedora dun financiamento público. En España é o Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI) o que se encarga de xestionar este tipo de proxectos.

Diríxese a calquera empresa ou centro de investigación capaz de realizar un proxecto de I+D+i que aporte unha innovación, unha mellora ou que implique a transferencia tecnolóxica. Por outra parte, os proxectos deben demostrar a súa aplicabilidade inmediata ó mercado tanto europeo como internacional. Dentro do programa EUREKA desenvólvense os subprogramas UMBRELLA e CLUSTERS, a través dos que se crean redes entre os socios de EUREKA para o intercambio de prácticas e a promoción de actividades sectoriais.

Os proxectos UMBRELLA son proxectos estratéxicos, definidos como "redes temáticas" dentro do marco EUREKA, que están enfocados a áreas de aplicación concretas e que teñen como principal obxectivo a elaboración de proxectos nesas áreas. Os "paraugas" están constituídos por representantes da rede EUREKA e por expertos nacionais, os cales se reúnen regularmente para presentar e intercambiar novas propostas de proxectos, e para facilitar a busca de socios. Cada certo tempo, os diferentes "paraugas" organizan eventos para agrupar compañías e centros de investigación dun mesmo sector industrial, e fomentar así a xeración de proxectos na industria europea. Estes proxectos son aprobados e financiados segundo os criterios do programa EUREKA.

Un "cluster", ao igual que un proxecto "paraugas", está enfocado ao desenvolvemento de subproxectos nunha área concreta, pero coa diferenza de ter organismos de xestión e organización propios dirixidos desde o entorno empresarial. Os subproxectos aprobados baixo os clusters teñen asociada a etiqueta EUREKA. Os proxectos "cluster" son liderados por compañías europeas dos diferentes sectores tecnolóxicos para os que se definen.

base legal

Declaración de Hannover de 1985, asinada por 17 países europeos e un representante da Comisión Europea con motivo da Conferencia Ministerial celebrada o 6 de novembro de 1985 en Hannover.

accións financiadas

Non existen liñas tecnolóxicas predeterminadas. Todas as tecnoloxías son elixibles, sempre que teñan un carácter innovador. O contido dos proxectos é promovido polos participantes, de acordo coas necesidades particulares de cada consorcio.

subvención

Unha vez que a proposta presentada sexa certificada como proxecto EUREKA, cada socio solicitará no seu país o financiamento para a súa participación no proxecto. Os tipos de axuda serán os utilizados internamente en cada país para a promoción da investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico.

O CDTI ofrece ás empresas españolas participantes nun proxecto EUREKA créditos a tipo de interese cero, amortizables en 10 anos e que cobren ata o 75% do orzamento total de desenvolvemento do proxecto.

Outras vías de financiamento en España para os participantes nun proxecto EUREKA son as contempladas no Plan Nacional de I+D+i (2008-2011), xestionadas polo Ministerio de Ciencia e Innovación e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Estas vías de financiamento son compatibles coas axudas ofrecidas polas Comunidades Autónomas.

Este 75% de financiamento non pode superar os 240.000 euros por proxecto.

requisitos

Os proxectos teñen que ser presentados polo menos por dous socios de países diferentes. Este programa está orientado a empresas tanto do ámbito das pemes como a empresas grandes. Tamén poden participar centros de investigación ou universidades. Os resultados terán que introducirse no mercado en menos de dous anos. O consorcio debe estar ben equilibrado, polo que ningún participante ou país deberá investir máis do 75% dos custos totais do proxecto. Todas as tecnoloxías son subvencionables sempre que impliquen innovación. O período medio de duración dos proxectos está entre un e tres anos.

cando e onde pode solicitarse

En España o CDTI ocúpase da promoción xeral das actividades para EUREKA en España e a coordinación, avaliación, financiamento e o seguimento das propostas presentadas por empresas españolas.

O programa EUREKA está aberto a solicitudes de forma continua, se ben algún dos seus subprogramas publica convocatorias específicas para a presentación de proxectos.

web

www.cdti.es
www.eurekanetwok.org

descrición

O programa Eurostars subvenciona proxectos europeos de investigación e desenvolvemento que poden abordar calquera área tecnolóxica, pero deben ter un propósito civil e ter como obxectivo o desenvolvemento dun novo produto, proceso ou servizo. Os proxectos Eurostars son colaborativos, o que significa que deben participar polo menos dous socios (persoas xurídicas) de dous países diferentes. O papel das pemes participantes no proxecto é importante, xa que polo menos o 50% da actividade principal do proxecto débese levar a cabo por elas. O consorcio debe estar ben equilibrado, polo que ningún participante ou país deberá investir máis do 75% dos custos totais do proxecto.O programa conta coa participación de 27 Estados membros de EUREKA e a Comisión Europea,(CE) nun apoio decidido ás pemes innovadoras europeas En España, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio é o organismo signatario do compromiso de participación en EUROSTARS e posúe a representación no grupo de alto nivel que toma as decisións do programa, mentres que corresponde ao Centro de Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), o papel de coordinador nacional. O obxectivo é apoiar ás pemes con capacidad en I+D creando un mecanismo europeo sustentable de apoio a estas organizacións, favorecendo a creación de actividades económicas baseadas nos resultados desa I+D para introducir produtos, procesos e servizos no mercado máis rapidamente. Desta maneira, axuda a promover o desenvolvemento tecnolóxico e empresarial e a internacionalización das devanditas empresas, asegurando o financiamento público dos participantes nos proxectos.Os proxectos, de acordo coas diferentes convocatorias, seguen o seguinte procedemento: en primeiro lugar, son aprobados polo grupo de alto nivel de EUREKA-EUROSTARS, mediante unha lista única ordenada segundo unha avaliación centralizada, realizada por un panel de expertos independentes (IEP). Logo disto, os proxectos aprobados finánciansе en orde descendente, empezando polo de maior puntuación, mentres existan fondos comprometidos polos estados membros de EUROSTARS e a CE para a convocatoria correspondente. En segundo lugar, a rede de cordinadores nacionais de EUREKA realizan labores de apoio ás empresas nacionais, así como a coordinación e o seguimento dos proxectos. Por último, as entidades participantes nos proxectos EUROSTARS recibirán as axudas a nivel nacional por medio das súas axencias financiadoras. Os custos admisibles para subvención e os requisitos para a súa concesión serán definidos en cada país polas devanditas axencias.

accións financiadas

Os proxectos aprobados en EUROSTARS finánciansе con fondos nacionais, estando asegurado o seu financiamento até esgotar os límites de orzamento que cada país e a CE establecen para cada convocatoria.As empresas deberán dirixirse á súa axencia financiadora EUROSTARS para solicitar as axudas. Poden recibir axudas diferentes, segundo o tipo de organización solicitante (peme con capacidade en I+D, peme, gran empresa), segundo os custos admisibles asociados á súa actividade ou o país ao que pertenzan. Os centros e as universidades tamén poderán ser beneficiarios, aínda que as axudas serán sempre solicitadas polas empresas. A información sobre os organismos financiadores e as axudas dispoñibles en cada país pode consultarse en http://www.eurostars-eureka.eu/where.do

requisitos

Os proxectos EUROSTARS son proxectos EUREKA, rede pan-europea para a orientación do mercado, a industria e a I + D. Esta rede ofrece aos socios do proxecto un acceso rápido a unha gran cantidade de coñecementos, habilidades e experiencia en toda Europa e facilita o acceso ao financiamento público e privado. As características que deben cumprir os proxectos son as seguintes:

- Son proxectos de I+D, próximos ao mercado e de aplicación civil, a realizarse en consorcios de organizacións europeas de polo menos dous países EUROSTAR. Estes países son: Austria, Bélxica, Bulgaria,Croacia, Chipre, República Checa, Dinamarca, Estonia, Finlandia, Francia, Alemaña, Grecia, Hungría, Islandia, Irlanda, Israel, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, os Países Baixos, Noruega, Polonia, Portugal, Rumania, República Eslovaca, Eslovenia, España, Suecia, Suíza, Turquía, Reino Unido O coordinador do consorcio e líder debe ser unha empresa catalogada como "peme intensiva en I+D", é dicir, unha peme que invista en I+D mais do 10% da facturación ou na que o 10% ou mais dos RRHH estean dedicados a esta actividade.
- Polo menos, o 50% do orzamento do proxecto debe estar asociado a "pemes intensivas en I+D". Ningún país nin socio superará o 75%.
- A duración non debe exceder os 3 anos (excepto os proxectos de biomedicina).
- Os resultados haberán de introducirse no mercado en menos de 2 anos tras a finalización.
- Os proxectos EUROSTARS avaliaranse segundo tres tipos de criterios: básicos (equilibrio por países, valor engadido da cooperación, capacidade dos socios...), "tecnoloxía e innovación" (grao de madurez ou risco tecnolóxico, logros tecnolóxicos previstos, grao de innovación...) e "mercado e competitividade" (rendibilidade dos resultados e as vantaxes competitivas adquiridas polos socios grazas ao proxecto).

cando e onde pode solicitarse

O programa Eurostars de EUREKA está aberto a solicitudes de financiamento de forma continua, cun promedio de dous prazos de presentación de solicitudes cada año.

web

http://www.eurostars-eureka.eu/

programas comunitarios

ECO-INNOVATION

Programa Marco para a Innovación e a Competitividade
2007-2013

descrición

A Unión Europea lanza unha serie de iniciativas para fomentar a eco-innovación e apoiar a aplicación do plan de actuación a favor das tecnoloxías ambientais dentro do Programa para a Iniciativa Empresarial e a Innovación, no marco do CIP (ver ficha específica). Entre 2008 e 2013 destinaranse case 200 millóns de euros a financiar proxectos que fomenten a eco-innovación en Europa. O obxectivo consiste en potenciar a posición ambiental e competitiva de Europa apoiando solucións innovadoras que protexan o medio ambiente, ao mesmo tempo que se cree un mercado máis amplo para os produtos e servizos, métodos de xestión e tecnoloxías "verdes". Este subprograma adicado á innovación ecolóxica pretende apoiar as primeiras aplicacións e a entrada no mercado de tecnoloxías e prácticas innovadoras, axudar a salvar a fenda existente entre investigación e desenvolvemento e o mundo empresarial, e axudar a superar os obstáculos do mercado que dificultan actualmente o éxito dos produtos e servizos eco-innovadores, especialmente os desenvolvidos por pequenas e medianas empresas europeas. Os beneficiarios son as pemes europeas innovadoras que desenvolvan as primeiras aplicacións e a entrada no mercado de tecnoloxías e prácticas innovadoras desde o punto de vista da ecoloxía. A eco-innovación comprende a modificación dos patróns de produción e consumo e o desenvolvemento de tecnoloxías, produtos e servizos para reducir o noso impacto sobre o medio ambiente. Empresa e innovación únense para crear solucións sustentables que fagan un mellor uso dos recursos e reduzan as repercusións negativas da nosa economía sobre o medio ambiente. No entanto, non é só o medio ambiente o que se pode beneficiar da eco-innovación. O mercado mundial de produtos e servizos ambientais crece cada ano. Por tanto, desde o punto de vista empresarial, tamén é un gran momento para que Europa aumente o seu investimento neste sector relativamente novo.

base legal

DOUE L 310/15, 11/09/2006. Decisión 1639/2006/CE de 24 de outubro de 2006, pola que se establece un programa marco para a innovación e a competitividade (2007 a 2013)

accións financiadas

Hai catro ámbitos prioritarios de financiamento:

Reciclado: proxectos orientados, por exemplo, a mellorar os procesos de clasificación dos residuos; a reforzar a competitividade das industrias de reciclaxe, e a desenvolver novas solucións de reciclaxe e produtos innovadores utilizando materiais reciclados.

Edificios e construción: proxectos que cubran, por exemplo, produtos e procesos innovadores para o sector da construción; o desenvolvemento de técnicas e materiais de construción sustentables; un mellor aproveitamento de materiais reciclados e recursos renovables para a construción, e novas tecnoloxías para o tratamento e o aforro de auga.

Sector da alimentación e as bebidas: proxectos que inclúan temas como o desenvolvemento de procesos de produción e envasado máis limpos; innovacións para abordar a redución de residuos, a súa reciclaxe e a súa recuperación, e deseño de procesos máis eficientes para a xestión da auga.

Medio ambiente en empresas e en compras intelixentes: proxectos que fomenten o uso do sistema de xestión e auditoría ambientais (EMAS Eco-Management and Audit Scheme) da UE en clusters industriais; que garantan que as empresas teñan en conta criterios ambientais á hora de realizar as súas compras, e que promovan a integración xeneralizada de técnicas de eco-innovación nas cadeas de subministración.

subvención

A dotación financeira para a execución do programa ascende a 200.000.000 €. O máximo financiado por proxecto é o 60% dos custos.

requisitos

A convocatoria esta aberta a todas as persoas xurídicas instaladas nun dos seguintes países: Estados membros da UE, Islandia, Liechtenstein e Noruega. Para obter fondos nesta nova iniciativa, os proxectos deben ser innovadores e presentar beneficios claros e substanciais en apoio das políticas ambientais europeas. Tamén deben mostrar potencial de replicación e repetición e unhas amplas posibilidades de comercialización e aplicación. Soamente se terán en conta proxectos de alta calidade en termos de rendemento técnico, económico e ambiental. A presenza de socios europeos é imprescindible para a presentación dunha proposta.

cando e onde pode solicitarse

Este programa é xestionado pola Axencia Executiva para a competitividade e a innovación en estreita colaboración coa Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea, ambas as dúas con sede en Bruxelas. A convocatoria do programa é anual.

web

http://ec.europa.eu/environment/etap/ecoinnovation/index_en.htm

programas comunitarios

Sociedade da información

Safer Internet · AAL

programas comunitarios

Safer Internet

2009-2013

ins@fe

descrición

Safer Plus ten por obxectivo promover unha utilización máis segura da Internet e doutras tecnoloxías da comunicación, en especial para os nenos; promover o desenvolvemento dun entorno en liña seguro; reducir o volume de contidos ilícitos que se difunden; facer fronte aos comportamentos potencialmente nocivos, e sensibilizar á poboación sobre os riscos e as precaucións neste contorno.

base legal

Decisión 1351/2008/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de decembro de 2008 pola que se establece un programa comunitario plurianual sobre a protección dos nenos no uso da Internet e doutras tecnoloxías da comunicación.

accións financiadas

O programa executarase a través de catro liñas de acción xerais:

- Sensibilizar á poboación e difundir información sobre a seguridade no uso das tecnoloxías en liña.
- Loitar contra os contidos ilícitos e os comportamentos nocivos en liña.
- Promover unha maior seguridade no entorno de liña.
- Establecer unha base de coñecementos para abordar dun xeito apropiado os usos, tanto existentes como emerxentes, do entorno de liña e os seus riscos e consecuencias.

subvención

55 millóns de euros para o período 2009 – 2013.

requisitos

O Programa está aberto á participación das entidades legais establecidas nos Estados membros, así como en Islandia, Noruega e Liechtenstein; nos países en vías de adhesión e nos países candidatos que se beneficien dunha estrategia de preadhesión (Croacia, Turquía e a Antiga República de Macedonia); nos países dos Balcáns occidentais e na vecindade euroepa. O programa vai dirixido tamén a organizacións internacionais e ás entidades legais establecidas en terceiros países distintos dos xa mencionados.

cando e onde pode solicitarse

Publícanse convocatorias cada ano, así como un programa de traballo. O programa xestiónase directamente dende a Dirección Xeral de Sociedade de Información da Comisión Europea, con sede en Luxemburgo.

web

- Páxina da Comisón Europea sobre o programa Safer Internet
http://ec.europa.eu/information_society/activities/sip/index_en.htm

- Redes financiadas polo Programa Safer Internet
https://www.inhope.org/fr/index.html

- Redes financiadas polo Programa Safer Internet II
http://www.saferinternet.org/web/guest/home

programas comunitarios

AAL

Vida cotiá asistida polo entorno

descrición

O Programa Conxunto AAL (Ambient Assisted Living) é un programa de investigación e desenvolvemento destinado a mellorar a calidade de vida das persoas maiores mediante a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC). Emprendido por varios Estados membros, este programa conta coa participación da Comisión Europea.

base legal

DECISIÓN nº 742/2008/CE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 9 de xullo de 2008.

accións financiadas

O programa financia todo tipo de accións que cumpran os seguintes obxectivos:

- Fomentar a aparición de produtos, servizos e sistemas innovadores, baseados nas TIC, que permitan envellecer mellor na casa, na comunidade e no traballo, mellorando así a calidade de vida, a autonomía, a participación na vida social, as competencias e a empregabilidade das persoas maiores, e reducindo os custos da asistencia sanitaria e social; isto pode basearse, por exemplo, nunha utilización innovadora das TIC, novos métodos de interacción co cliente ou novos tipos de cadeas de valor para os servizos de vida independente. Os resultados do programa conxunto AAL poderían empregarse tamén en beneficio doutros colectivos, en particular das persoas con discapacidade.
- Crear unha masa crítica de investigación, desenvolvemento e innovación, a nivel da UE, no ámbito de tecnoloxías e servizos para envellecer mellor na sociedade da información, sen esquecer o establecemento dun contorno propicio á participación das pequenas e medianas empresas (PEME) no programa.
- Mellorar as condicións de explotación industrial dos resultados da investigación, proporcionando un marco europeo coherente para o desenvolvemento de enfoques comúns, incluíndo normas mínimas comúns, e facilitando a localización e adaptación de solucións comúns que sexan compatibles coa diversidade de preferencias sociais e aspectos regulamentarios, a nivel nacional ou rexional, que existen en Europa.

subvención

As propostas preséntanse telematicamente a través dun enlace que pode atoparse na páxina web do Programa AAL. O coordinador do proxecto presenta unha proposta común de proxecto incluíndo a todos os socios.

Trátase de proxectos de I+D, co centro de gravidade no desenvolvemento e non na investigación. Trátase, xa que logo, da investigación aplicada cun "time to market" do produto ou servizo desenvolvido, de 2 a 3 anos dende a finalización do proxecto.

É un programa financiado polo Instituto de Salud Carlos III (ISCIII) do Ministerio de Ciencia e Innovación e a Dirección General para el Desarrollo de la Sociedad de la información del Ministerio de Industria, Turismo y Comercio (MITyC).

O MITyC financia principalmente ás Empresas e aos Centros Tecnolóxicos que resulten seleccionados no proceso de avaliación.

O ISCIII financia principalmente a hospitais e a entidades relacionadas co ámbito sanitario y da saúde que realizan actividades de I+D así como a Universidades públicas e privadas.

A intensidade máxima de axuda é do 40%, 50% ou o 60%, dependendo do tamaño da entidade (grande, mediana ou pequena).

requisitos

Deben participar polo menos tres entidades independentes pertencentes a tres Estados membros.

O consorcio debe incluír polo menos unha peme e un usuario final. A participación industrial no consorcio debe ser polo menos un 50% en termos de orzamento e dedicación en persoas/mes. O número de socios establécese entre 3 – 10 socios.

cando e onde pode solicitarse

Convocatorias anuais.

web

www.mityc.es/ProgramaAAL
www.aal-europe.eu

programas comunitarios

Educación, cultura e Xuventude

PAP · Cultura 2007-2013 · Media 2007 · Xuventude en acción

programas comunitarios

PAP

Programa de Aprendizaxe Permanente

2007-2013



descrición

O obxectivo xeral do Programa de Aprendizaxe Permanente (PAP) é realizar a Estratexia de Lisboa: conseguir facer de Europa unha sociedade baseada no coñecemento, altamente competitiva e con máis e mellores empregos. No campo específico da educación preténdese facer do sistema educativo europeo unha referencia mundial. O PAP componse de varios subprogramas que abranguen todas as etapas de aprendizaxe ao longo da vida: educación primaria e secundaria (Comenius), educación superior (Erasmus), formación profesional (Leonardo da Vinci) e educación de adultos (Grundtvig). O Programa complétase coa iniciativa "Jean Monnet", que fomenta a excelencia dos estudos de integración europea en centros universitarios, e o programa transversal, que comprende catro tipos de accións: cooperación política e innovación (acción clave 1), aprendizaxe de idiomas (acción clave 2), desenvolvemento de novos contidos e metodoloxías baseados nas TIC (acción clave 3) e diseminación e explotación de resultados (acción clave 4).

base legal

Decisión do Parlamento Europeo e do Consello da Unión N°1720/2006/CE do 15 de novembro de 2006, publicada no DOUE L 327/45 o 24 de novembro de 2006, pola que se establece un Programa de Acción no campo da Educación Permanente. Artigos do Tratado: 149 CE e 150 CE.

accións financiadas

Cómpre diferenciar entre as accións que se xestionan directamente dende a Axencia Executiva de Educación en Bruxelas (centralizadas) das xestionadas a través da Axencias Nacional PAP en colaboración coas administracións autonómicas (descentralizadas):

- **Accións centralizadas:** proxectos multilaterais (intercambio de experiencias e boas prácticas entre un mínimo de 3 socios), redes (colaboración estable entre 10 socios), as medidas de acompañamento (para a difusión de resultados dos proxectos), as catro accións do programa transversal e o programa Jean Monnet.
- **Accións descentralizadas:** todas as actividades de mobilidade, as asociacións entre centros, as visitas de estudo e os proxectos multilaterais de transferencia de innovación dentro de Leonardo.

subvención

- Orzamento total do Programa: 7.000 millóns de euros.
- Varía segundo o subprograma e a convocatoria.
- Non existe un mínimo ou un máximo común para todos os proxectos, senón que varía en función do subprograma e a convocatoria.
- O tamaño dos proxectos varía en función do subprograma e a convocatoria.
- A Comisión Europea publica unha convocatoria xeral que abarca todos os subprogramas e tipos de accións. A Axencia Nacional PAP, pola súa parte, publica a convocatoria específica das accións descentralizadas.

requisitos

Pódese precisar un número variable de socios ou ningún en función do subprograma y da convocatoria. O PAP está dirixido a alumnos e persoas en formación, aos profesores e persoal dos centros de ensino e aos centros mesmos. Tamén forman parte do grupo de beneficiarios os organismos responsables das políticas de ensino, asociacións, servizos de orientación, centros de investigación e entidades sen ánimo de lucro do eido educativo. A duración do proxecto varía en función do subprograma e a convocatoria.

cando e onde pode solicitarse

Existe unha convocatoria xeral anual, que recolle diversas accións de varios dos subprogramas. De todos xeitos, tamén se publican convocatorias específicas ao longo do ano. As accións centralizadas solicitaranse á Axencia Executiva de Educación, Audiovisual e Cultura (EACEA), mentres que as descentralizadas solicitaranse ó Organismo Autónomo Programas Educativos Europeos (OAPEE).

web

- Axencia Executiva da Comisión Europea en temas de Educación, Audiovisual e Cultura (EACEA)
http://eacea.ec.europa.eu
- Axencia Nacional do Programa de Aprendizaxe Permanente do Ministerio de Educación e Ciencia
http://www.oapee.es
- Dirección Xeral da Comisión Europea de "Educación e Cultura" (EAC):
http://ec.europa.eu/education/lifelong-learning-programme

programas comunitarios Cultura 2007-2013

descrición

O obxectivo xeral do Programa é contribuír a avanzar cara a un espazo cultural europeo común a través do desenvolvemento dunha maior cooperación cultural entre creadores, actores culturais e institucións culturais dos países que participan no Programa.

Os obxectivos específicos do Programa son:

- Promover a mobilidade transfronteiriza dos traballadores do sector cultural.
- Favorecer a circulación transfronteiriza das obras e producións artísticas e culturais.
- Favorecer o diálogo intercultural.

base legal

Decisión No 1855/2006/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, que establece o Programa Cultura (2007-2013), DOUE L 372/1, do 27.12.2006.

accións financiadas

Os obxectivos do Programa serán perseguidos a través da aplicación das seguintes medidas:

CAPÍTULO PRIMEIRO: APOIO ÁS ACCIÓNS CULTURAIS

- Proxectos de cooperación plurianual: o Programa Cultura apoiará os proxectos de cooperación plurianual na súa fase inicial e de estruturación ou na súa fase de extensión xeográfica.
- Accións de cooperación: o Programa apoia accións de cooperación cultural de natureza sectorial ou transectorial entre operadores europeos.
- Accións especiais: para poder optar ao financiamento, as acción especiais deben ter un alcance importante, contribuír a incrementar a toma de consciencia dos europeos da súa pertenza a unha mesma comunidade e favorecer o diálogo intercultural e internacional. As "capitais europeas da cultura" recibirán un apoio significativo.

CAPÍTULO SEGUNDO: APOIO AOS ORGANISMOS ACTIVOS A NIVEL EUROPEO NO EIDO DA CULTURA.

Esta axuda consagrarase aos gastos ligados ao programa de traballo permanente de organismos de interese xeral europeo no dominio da cultura. Poderán beneficiarse desta axuda os organismos que actúen a favor da cooperación cultural a través de funcións de representación, difundindo informacións que favorezan a cooperación cultural, estruturando redes a nivel europeo, participando en proxectos de cooperación cultural ou actuando como embaixadores da cultura europea.

CAPÍTULO TERCEIRO: APOIO AOS TRABALLOS DE ANÁLISE E DIFUSIÓN DE INFORMACIÓN E Á OPTIMIZACIÓN DO IMPACTO DOS PROXECTOS NO EIDO DA COOPERACIÓN CULTURAL.

Co obxectivo de difundir informacións prácticas sobre o Programa e favorecer a súa promoción, o Programa Cultura prevé a creación de puntos de contacto, que tamén poderán recibir axudas. Baixo este capítulo, tamén poderá apoiarse a realización de estudos de análise no campo da cooperación cultural europea e da elaboración de políticas culturais europeas, e accións que teñan por obxectivo optimizar o impacto dos proxectos a través do intercambio de experiencias e boas prácticas.

subvención

- **Capítulo primeiro:** ao redor dun 77% do orzamento do Programa Cultura asignarase a este capítulo.
  - Proxectos de cooperación plurianual: a subvención comunitaria non pode exceder o 50% do orzamento do proxecto e ten un carácter decrecente. A axuda non pode superar os 500.000 euros por ano para todas as actividades do proxecto de cooperación. Esta axuda ofrécese por un período de tres a cinco anos. Ao redor do 32% do orzamento total do Programa Cultura dedícase a este apartado.
  - Accións de cooperación: a axuda comunitaria non pode exceder o 50% do orzamento do proxecto. A subvención non pode ser inferior a 50.000 euros nin superior a 200.000 euros. Este apoio ofrécese por un período máximo de 24 meses. Ao redor dun 29% do orzamento total do Programa é reservado ás accións de cooperación.
  - Accións especiais: as axudas a unha acción especial non exceden do 60% do proxecto. Ao redor dun 16% do orzamento total do Programa Cultura será asignado a este apartado.
- **Capítulo segundo:** estas subvencións serán concedidas a partir dunha convocatoria de propostas. Sobre o 10% do orzamento total deste Programa será destinado a este capítulo.
- **Capítulo terceiro:** sobre un 5% do orzamento do Programa Cultura será consagrado a este capítulo.
- O financiamento é directo por parte da UE por medio de convocatorias (call for proposals), sendo a autoridade de xestión a Axencia Executiva de Educación, Audiovisual e Cultura (EACEA).

requisitos

- Para os proxectos de cooperación plurianual, cómpre que interveñan un mínimo de seis operadores de seis países diferentes que participen no Programa. Nos proxectos que se encadren dentro do apartado "accións de cooperación", estas accións deben ser realizadas por un mínimo de tres operadores culturais de tres países participantes. Estes operadores poden pertencer ou non a sectores diferentes.
- Operadores e sectores culturais, agás os do sector audiovisual, e incluídas as empresas culturais, sempre e cando actúen sen ánimo de lucro.
- A duración dos proxectos pode variar segundo o capítulo e a convocatoria. As prioridades varían dun capítulo a outro, aínda que adoitan ser semellantes para todas as convocatorias dese capítulo.

cando e onde pode solicitarse

Poden presentarse propostas de proxectos de cooperación antes do 1 de outubro de cada ano. Na páxina web do programa está dispoñible un calendario coas convocatorias para o período 2008-2013.

web

- Aspectos prácticos do programa: EACEA
http://eacea.ec.europa.eu/culture/index_en.php
- Base de datos para procura de socios
http://www.mcu.es/cooperacion/MC/PCC/BusqSocios/BusquedaSocios.html
- Páxina do programa: DG EAC
http://ec.europa.eu/culture/our-programmes-and-actions/doc411_en.htm#
- Punto de contacto Cultural en España
http://www.mcu.es/cooperacion/MC/PCC/index.html

descrición

Media ten por obxectivo preservar e realzar a diversidade cultural e lingüística e o patrimonio cinematográfico e audiovisual europeos, garantir que o público poida acceder a eles, e favorecer o diálogo intercultural; aumentar a circulación e o público das obras audiovisuais europeas dentro e fóra da Unión Europea, mediante unha maior cooperación entre os axentes; reforzar a competitividade do sector audiovisual europeo no marco dun mercado europeo aberto e competitivo, favorable ó emprego, inclusive mediante a promoción dos vínculos entre profesionais do sector audiovisual.

base legal

Decisión No 1718/2006/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 15 de novembro de 2006 relativa á aplicación dun programa de apoio ó sector audiovisual europeo (MEDIA 2007).

accións financiadas

O programa divídese en cinco eidos de actuación.

• **Adquisición e o perfeccionamento de competencias no eido audiovisual:**

- Reforzar as competencias dos profesionais europeos do sector audiovisual nos ámbitos do desenvolvemento, a produción, a distribución e difusión e a promoción. O programa apoiará especialmente accións relativas ás técnicas de escritura de guións; á xestión económica, financeira e comercial da produción, a distribución e a promoción das obras audiovisuais; á consideración das tecnoloxías dixitais para a produción, a posprodución, a distribución, a comercialización e o arquivo de programas audiovisuais europeos.

- Mellorar a dimensión europea das accións de formación audiovisual mediante unha axuda ó traballo en rede e á mobilidade dos axentes europeos da formación, en particular ás escolas de cinematografía europeas, ós institutos de formación e ós axentes do sector profesional; a formación dos formadores; a axuda ás escolas de cinematografía; o establecemento de accións de coordinación e de promoción dos organismos financiados no marco das accións enumeradas no punto 1.
- Permitir, mediante a concesión de becas, que os profesionais orixinarios dos Estados membros que se adheriron á Unión Europea con posterioridade ó 30 de abril de 2004 participen nas accións de formación enumeradas no punto a).

• **Desenvolvemento de obras audiovisuais europeas:**

- apoiar o desenvolvemento de proxectos de produción destinados ó mercado europeo e internacional, presentados por empresas de produción independentes.
- apoiar a elaboración de plans de financiamento para as empresas e os proxectos de produción europeos, en particular o financiamento de coproducións.

• **Distribución e difusión:**

- reforzar o sector da distribución europea alentando ós distribuidores a investir na coprodución, a adquisición e a promoción de películas europeas non nacionais e establecer estratexias coordinadas de comercialización.
- mellorar a circulación das películas europeas non nacionais nos mercados europeo e internacional con medidas que fomenten a súa exportación, a súa distribución en todos os soportes e a súa programación en salas de cine.
- promover a difusión transnacional das obras audiovisuais europeas producidas por empresas de produción independentes alentando a cooperación entre os difusores e os produtores e distribuidores independentes.
- favorecer a dixitalización das obras audiovisuais europeas e o desenvolvemento dun mercado dixital competitivo.
- animar ás salas a que aproveiten as posibilidades que ofrece a distribución en formato dixital.

• **Promoción:**

- mellorar a circulación das obras audiovisuais europeas garantindo ó sector audiovisual europeo un acceso ós mercados profesionais europeos e internacionais.
- mellorar ó acceso do público europeo e internacional ás obras audiovisuais europeas.
- favorecer accións comúns entre organismos nacionais de promoción de películas e programas audiovisuais.
- favorecer accións de promoción do patrimonio cinematográfico e audiovisual europeo e a mellora do acceso do público a dito patrimonio tanto a nivel europeo como internacional.

subvención

754.950.000 € para todo o período. As axudas por convocatoria non poderán ser superiores ao 50% do custe definitivo das operacións apoiadas (en casos expresamente previstos poderá chegar ao 75%).

requisitos

En función do tipo de acción, as convocatorias van destinadas a empresas cuxas actividades contribúan á realización dos obxectivos do programa Media, a empresas europeas de produción independentes, escolas de cine, universidades, centros de formación, etc.

cando e onde pode solicitarse

A Unidade MEDIA da Axencia Executiva de Educación, Audiovisual e Cultura (EACEA) é a responsable de:

- Preparar e lanzar as convocatorias (ou licitacións)
- Avaliar e pre-seleccionar os candidatos e proxectos
- Preparar e firmar os acordos de proxecto
- Monitorizar os proxectos (informes intermedios e finais)
- Informar e comunicarse cos beneficiarios

Os MEDIA DESKS e Antenas son unha rede de información e apoio ó programa MEDIA así como á industria audiovisual europea en xeral.

web

• Media Desk España
http://www.mediadeskspain.eu/
• Sitio oficial do programa
http://ec.europa.eu/information_society/media/overview/2007/index_en.htm

programas comunitarios

Xuventude en acción

Acción 1.2 - Iniciativas xuvenís

2007-2013

descrición

A subacción 1.2 - Iniciativas xuvenís, dentro do programa Xuventude en acción, ampara proxectos onde os mozos e mozas participan activamente e de forma directa en actividades deseñadas por eles/elas mesmos/as onde xogan papeis clave, de forma que se fomenta a súa iniciativa, capacidade emprendedora e creatividade.

base legal

Decisión Nº1719/2006/CE do Parlamento Europeo e do Consello pola que se establece o programa "La Juventud En Acción" para o período 2007-2013, publicada no DOUE de 24 de novembro de 2006.

accións financiadas

Unha iniciativa xuvenil é un proxecto iniciado, estruturado e levado a cabo polos propios mozos e mozas. Este tipo de iniciativas dálles a oportunidade de estaren implicados directamente e de forma activa na planificación e o desenvolvemento de proxectos. A participación nunha iniciativa xuvenil constitúe unha importante experiencia de aprendizaxe non formal e ademais proporciona á mocidade a oportunidade de sentirse cidadáns e cidadás europeos/as que están contribuíndo á construción de Europa.

Un proxecto de iniciativa xuvenil ten tres fases:

- Planificación e preparación.
- Implementación da actividade.
- Avaliación (incluíndo un posible seguimento).

Os principios de educación non formal e a súa práctica deben evidenciarse ao longo de todo o transcurso do proxecto.

Unha iniciativa xuvenil pode ser:

- Nacional: deseñada a nivel local, rexional ou nacional e desenvolvida por un único grupo no seu país de residencia
- Transnacional: unha rede de iniciativas xuvenís levadas a cabo conxuntamente por dous ou máis grupos de diferentes países.

subvención

885 millóns de euros

requisitos

- **Participantes:**
  - -Elixibilidade dos promotores: O promotor debe ser: unha organización sen ánimo de lucro/non gobernamental; ou un grupo de mozos e mozas non asociados/as (no caso de que se trate dun grupo de mozos e mozas non asociados/as, un dos membros debe asumir o papel de representante sobre o/a que recaerá a responsabilidade en nome do grupo). Todos os promotores deben pertencer a un país incluído no programa.
  - -Elixibilidade dos participantes: Mozos e mozas de idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos que sexan residentes legais dun país do programa. Mozos e mozas menores de 18 (con idades entre 15 e 17 anos) poderán ser admitidos se van acompañados dun/unha coach. Para o/a coach non existe límite de idade nin restrición respecto á súa orixe xeográfica.
- **Socios:**
  - -Iniciativa xuvenil nacional: un único promotor.
  - -Iniciativa xuvenil transnacional: un mínimo de dous promotores provenientes de distintos países do programa, dos cales polo menos un é un país da UE.

cando e onde pode solicitarse

Trátase dunha acción descentralizada, xestionada en España a través do Instituto Nacional de la Juventud. Existen cinco convocatorias fixas ao ano que se pechan a principios de febreiro, abril, xuño, setembro e novembro.

web

- Axencia Nacional do Programa Xuventude en ESPAÑA
http://www.injuve.mtas.es
- Guía do programa
http://ec.europa.eu/youth/index_en.htm
- Páxina do programa
http://eacea.ec.europa.eu/youth/index_en.php

programas comunitarios

Emprego

Premios europeos ás boas prácticas no ámbito da seguridade · Progress

programas comunitarios

Premios europeos ás boas prácticas no ámbito da seguridade

descrición

A Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no traballo ten por obxectivo é contribuír á mellora da vida laboral na Unión Europea:

- Traballa con gobernos, empresarios e traballadores para fomentar unha cultura de prevención do risco.
- Analiza a máis recente investigación científica e estatística sobre os riscos no traballo.
- Anticipa riscos novos e emerxentes mediante o noso Observatorio Europeo de Riscos.
- Define e comparte información, boas prácticas e asesoramento cunha ampla audiencia, integrada polos interlocutores sociais, as federacións de empresarios e os sindicatos.

A súa principal actividade para crear un estado de opinión é "Campaña Lugares de Traballo Saúdables", centrada nun tema diferente cada dous anos.

Esta axencia comunitaria é un actor capital na Estratexia comunitaria de Saúde e Seguridade 2007-2012, cuxa finalidade é reducir os accidentes laborais en toda a UE nunha cuarta parte e reducir as enfermidades profesionais.

base legal

Regulamento (CE) N° 2062/94 do Consello de 18 de xullo de 1994

accións financiadas

A Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo supervisa, compila e analiza os descubrimentos científicos, a información estatística e as medidas de prevención neste eido. Tamén apoia o intercambio e difusión da información dentro da UE.

subvención

Premio Europeo ás Boas Prácticas

A Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo (EU-OSHA) convoca anualmente para o Premio ás Boas Prácticas en materia de saúde e seguridade ocupacional. Este premio recoñece ás empresas ou organizacións que realizaran achegas destacadas e innovadoras para promover un enfoque de xestión integrada para o mantemento da seguridade.

Campaña "Traballos saudables"

A campaña europea está organizada pola EU-OSHA, en cooperación cos Estados membros e a Presidencia da Unión Europea. Unha das principais actividades para apoiar a campaña é o Espazo Europeo de Boas Prácticas que se organiza especificamente para identificar exemplos de boas prácticas relacionadas co mantemento da seguridade.

Galardóns Europeos ás boas prácticas

Os premios teñen por obxecto demostrar os beneficios de seguir unha boa política de seguridade e prácticas saudables a todos os empregadores e aos traballadores europeos, os intermediarios, incluídos os interlocutores sociais, profesionais da SST e os profesionais, e outros de asistencia e comunicación a nivel de lugar de traballo.

Os exemplos presentaranse nun folleto da Axencia para a súaa ampla difusión en toda Europa e no sitio web da UE-OSHA.

requisitos

Os premios entregaranse en dúas categorías - os lugares de traballo que empregan a menos de 100 traballadores, e aqueles con 100 ou máis traballadores

cando e onde pode solicitarse

A través da web da Axencia Europea de Seguridade e Saúde no traballo

web

Axencia Europea de Seguridade e Saúde no traballo
http://osha.europa.eu/es

programas comunitarios

Progress

2007-2013

descrición

Este programa substitúe aos anteriores programas de acción 2001-2006 relativos á loita contra a discriminación, á igualdade entre homes e mulleres, á loita contra a exclusión social e as medidas comunitarias de estímulo de mprego. O programa mantén estes eidos de actuación e engade outro referida ás condicións de traballo, na que se inclúen a saúde e seguridade laboral e a conciliación da vida laboral e familiar. Dotado de case 700 millóns de euros, o programa cobre actividades a nivel europeo de estudo, sensibilización e difusión de boas prácticas e apoia ás redes europeas que traballan nos ámbitos antes mencionados.

PROGRESS apoia financeiramente a execución dos obxectivos da UE en materia de emprego e asuntos sociais, conforme a Axenda Social Europea e a Estratexia de Lisboa, fixándose como obxectivos:

- Mellorar o coñecemento da situación nos Estados membros mediante análises e avaliacións das políticas
- Apoiar o desenvolvemento de instrumentos estatísticos e indicadores desglosados por sexo e grupo de idade
- Apoiar e controlar a aplicación dos obxectivos e da lexislación comunitaria nesta materia, así como avaliar a súa eficacia e incidencia
- Fomentar a creación de redes, a aprendizaxe mutua e a difusión de boas prácticas e enfoques innovadores a escala europea
- Sensibilizar sobre os obxectivos e actuación da UE nesta materia

base legal

Decisión nº 1672/2006 do Parlamento Europeo y do Consello pola que se establece un programa comunitario para o emprego e a solidariedade social (DO L 315 de 15 de noviembre de 2006)

accións financiadas

O programa subdivídese en cinco seccións (emprego, protección e inclusión social, condicións de traballo, non discriminación e diversidade, e igualdade de xénero) e financia todo tipo de actividades de análise (estudios, enquisas, recollidas de datos...) e actividades de aprendizaxe mutua, sensibilización e difusión, ademais de prestar apoio a redes a escala europea e observatorios, seminarios e grupos de traballo, intercambio de persoal entre administracións, etc. Céntrase, principalmente, nas actividades con forte dimensión europea que garantan o valor engadido comunitario, como os estudos a escala europea sobre emprego e asuntos sociais, a creación de redes de expertos nacionais ou o intercambio de boas prácticas.

subvención

657.590.000 € para todo o período 2007-2013, do que un mínimo do 23% vai destinado á sección de emprego, un 30% á protección e inclusión social, un 10% ás condicións de traballo , un 23% á non discriminación e diversidade, e un 12 % á igualdade de xénero. As accións previstas poden financiarse mediante un contrato de servizos resultantes dunha licitación o mediante un apoio financeiro parcial tras unha convocatoria de propostas , en cuxo caso a Comunidade financiará ata un máximo do 80% dos custes totais.

requisitos

Administracións nacionais, rexionais e locais, servizos públicos de emprego, patronais e sindicatos, organizacións non gobernamentais, universidades e institutos de investigación, institutos nacionais de estatística e medios de comunicación.

cando e onde pode solicitarse

A Comisión publica cada ano arredor dunha decea de convocatorias dentro de Progress. O programa é xestionado directamente pola Dirección Xeral de Emprego e Asuntos Sociais da Comisión Europea.

web

- Páxina web do programa
http://ec.europa.eu/social/main.jsp?catId=327&langId=en
- Publicación no DOUE de 15 de novembro de 2006
http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/site/es/oj/2006/l_315/l_31520061115es00010008.pdf

programas comunitarios

Agricultura

Información e promoción dos produtos agrícolas



programas comunitarios

Información e promoción dos produtos agrícolas

descrición

Este programa ten por obxectivo financiar parcialmente programas de información e promoción dos produtos agrícolas comunitarios dentro do mercado comunitario e fóra del. Non poden optar ao cofinanciamento da UE programas de promoción de produtos de marcas comerciais. Calquera referencia á orixe dos produtos debe ser secundaria en relación coa mensaxe principal, aínda que pode mencionarse a orixe dos produtos que contan cunha denominación amparada pola normativa comunitaria (DOP, IGP, ETG ou produto ecolóxico).

base legal

Regulamento 3/2008 do Consello sobre accións de información e de promoción dos produtos agrícolas no mercado interior e en terceiros países.

Regulamento 501/2008 da Comisión polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento 3/2008 do Consello.

accións financiadas

a) Accións de promoción e publicidade destinadas destacar as características intrínsecas e as vantaxes dos produtos comunitarios no referente á calidade, a seguridade dos alimentos, os métodos de produción específicos, os aspectos nutricionales e sanitarios, a etiquetaxe, o benestar dos animais e o respecto do medio ambiente;

b) Campañas de información sobre os réximes comunitarios aplicables ás denominacións de orixe protexidas (DOP), as indicacións xeográficas protexidas (IGP), as especialidades tradicionais garantidas (ETG) e a produción ecolóxica, así como outros réximes comunitarios relativos ás normas de calidade e á etiquetaxe dos produtos agrícolas e alimenticios, e os símbolos gráficos establecidos na lexislación comunitaria aplicable;

c) Accións de información sobre o réxime comunitario dos viños de calidade producidos en rexións determinadas (vcprd), dos viños con indicación xeográfica e das bebidas espirituosas con indicación xeográfica ou indicación tradicional reservada;

d) Estudos de avaliación dos resultados obtidos con estas accións de información e de promoción.

No mercado interior, estas accións tamén poden referirse á participación en salóns, feiras e exposicións de importancia nacional ou europea

En terceiros países, estas accións poden igualmente adoptar a forma de:

a) accións de información sobre o réxime comunitario aplicable aos viños de mesa;

b) participación en salóns, feiras e exposicións de importancia internacional, especialmente mediante postos destinados a valorar a imaxe dos produtos comunitarios;

c) estudos de novos mercados, necesarios para a busca de novas saídas comerciais;

d) misións comerciais de alto nivel.

subvención

A participación da UE non superará o 50% do custo total do programa, mentres que a organización ou organizacións solicitantes financiarán polo menos o 20%. O resto do financiamento correrá a cargo do Estado membro. O orzamento anual da Comisión Europea para estes programas é de 50 millóns de euros anuais.

requisitos

Organización ou organizacións profesionais ou interprofesionais representativas do sector ou dos sectores correspondentes nun ou varios Estados membros.

cando e onde pode solicitarse

En España, quen xestiona e coordina estes programas son a D.X. de Industria y mercados alimentarios do MARM e o Fondo Español de Garantía Agraria. No 2009 lanzáronse dúas convocatorias, en marzo e agosto.

web

- Páxina da dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural
http://ec.europa.eu/agriculture/index_en.htm
- Páxina do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA)
http://www.fega.es

fondos estruturais

FEDER · FSE · FEADER

fondos estruturais

FEDER

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

descrición

O seu obxectivo é contribuír ao fortalecemento da cohesión económica e social, reducindo as disparidades rexionais. Dita contribución lévase a cabo a través do apoio ao desenvolvemento e á adaptación estrutural das economías rexionais, incluída a reconversión das rexións industriais en declive.

Particularidades territoriais

FEDER presta unha atención especial ás particularidades territoriais. As accións relativas á dimensión urbana intégranse nos programas operativos baseándose na experiencia da iniciativa URBAN. A acción de FEDER trata de resolver os problemas económicos, ambientais e sociais aos que se enfrontan as cidades.

Polo que respecta ás zonas rurais e ás zonas dependentes da pesca, a intervención FEDER debe concentrarse na diversificación económica e, especialmente, en:

- Infraestruturas que melloren a accesibilidade;
- Redes e servizos de telecomunicacións nas zonas rurais;
- Desenvolvemento de novas actividades económicas;
- Fortalecemento dos lazos entre as zonas urbanas e rurais;
- Desenvolvemento do turismo e as infraestruturas no contorno rural.

En canto ás zonas con desvantaxes naturais, FEDER contribúe ao financiamento de investimentos destinados á accesibilidade, a actividades económicas conectadas co patrimonio cultural, á utilización sustentable dos recursos e ao fomento do sector do turismo.

Finalmente, contribúe tamén a financiar os custos adicionais derivados da situación xeográfica e das rexións ultraperiféricas, así como:

- O transporte de mercadorías e a posta en marcha de servizos de transporte;
- As dificultades de almacenamento, o mantemento dos instrumentos de produción e a insuficiencia de capital humano no mercado de traballo local.

base legal

Regulamento (CE)nº 1080/2006 do Parlamento europeo e do Consello, de 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento REXional, e polo que se deroga o Regulamento (CE) nº 1783/1999 (Diario Oficial L210 de 31.7.2006).

accións financiadas

A intervención FEDER concéntrase en varias prioridades temáticas que reflicten a natureza dos obxectivos "Converxencia", "Competitividade rexional e emprego" e "Cooperación territorial europea".

"Converxencia"

No marco deste obxectivo, FEDER destina a súa axuda a apoiar o desenvolvemento económico sustentable integrado, así como a creación de empregos duradeiros. Os programas operativos nos Estados membros pretenden modernizar e diversificar estruturas económicas rexionais nos ámbitos seguintes, entre outros: investigación e desenvolvemento tecnolóxico (IDT), innovación e espírito de empresa; sociedade da información; medio ambiente; prevención de riscos; turismo; cultura; transporte; enerxía; educación; infraestruturas sanitarias e sociais; axuda directa aos investimentos en pequenas e medianas empresas.

"Competitividade rexional e emprego"

As prioridades deste obxectivo agrúpanse en tres campos:

-Innovación e economía do coñecemento, en particular a través da mellora das capacidades rexionais en IDT e innovación, o espírito empresarial e a creación de novos instrumentos financeiros para empresas;

-Medio ambiente e prevención de riscos por medio da rehabilitación de terreos contaminados, o fomento da eficiencia enerxética, a promoción dun transporte público urbano limpo e a elaboración de plans para previr e xestionar os riscos naturais e tecnolóxicos;

-Acceso aos servizos de transporte e telecomunicacións de interese económico xeral mediante a ampliación das redes secundarias e o maior acceso das PEME ás tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).

"Cooperación territorial europea"

No caso deste obxectivo, FEDER concentra a súa axuda en tres prioridades:

-Desenvolvemento de actividades económicas e sociais transfronteirizas de acordo cunhas estratexias conxuntas a favor do desenvolvemento territorial sustentable; por exemplo, fomento do espírito empresarial, protección e xestión de recursos naturais e culturais, e estímulo da colaboración, desenvolvemento da capacidade e utilización conxunta de infraestruturas;

-Establecemento e desenvolvemento da cooperación transnacional, incluída a cooperación bilateral entre as rexións marítimas; as prioridades xiran en torno á innovación, o ambiente, a mellora da accesibilidade e o desenvolvemento urbano sustentable;

-Aumento da eficacia da política rexional, é dicir, fomento da creación de redes e o intercambio de experiencias entre as autoridades rexionais e locais.

O Programa Operativo FEDER Galicia define sete eixos prioritarios de actuación:

1. Desenvolvemento da economía do coñecemento.
2. Desenvolvemento e innovación empresarial.
3. Medio ambiente, contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos.
4. Transporte e enerxía.
5. Desenvolvemento sostible local e urbano.
6. Infraestruturas sociais.
7. Asistencia técnica e reforzo de capacidades institucionais.

subvención

O importe total do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013 é de 3.172,2 millóns de euros, dos que 2.191,5 corresponde a axuda comunitaria. Por eixos prioritarios a axuda queda así repartida:

-Eixo 1: 267,3 millóns de euros.
-Eixo 2: 516,7 millóns de euros.
-Eixo 3: 694,7 millóns de euros.
-Eixo 4: 1.311,8 millóns de euros.
-Eixo 5: 330,7 millóns de euros.
-Eixo 6: 44,6 millóns de euros.
-Eixo 7: 6,4 millóns de euros.

A intervención do FEDER cofinancia, como máximo, o 75% dos custos elixibles dos proxectos subvencionables.

cando e onde pode solicitarse

Corresponde aos Estados membros designar unha soa autoridade de xestión, unha autoridade de certificación e unha autoridade de auditoría única. No caso de España, a autoridade de xestión é a Subdirección Xeral de Administración do FEDER situada na Dirección Xeral de Fondos comunitarios do Ministerio de Economía e Facenda.En Galicia, corresponde á Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia xestionar as presentacións de proxectos.

web

Dirección Xeral de Política Rexional: http://ec.europa.eu/dgs/regional_policy/index_es.htm
Consellería de Facenda: Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013:
http://www.conselleriadefacenda.es/export/sites/default/Economia/Biblioteca/Documentos/Area_Planificacion_Economica/PO_FEDER_GA.pdf

fondos estruturais

FSE

Fondo Social Europeo

2007-2013

descrición

O FSE apoia as prioridades da Comunidade derivadas da necesidade de reforzar a cohesión social, aumentar a produtividade e a competitividade, e propiciar o crecemento económico e un desenvolvemento sustentable. Neste contexto, o FSE ten por obxectivo contribuír á consolidación da cohesión económica e social da Comunidade mellorando o emprego e as oportunidades de traballo. O FSE apoia as políticas dos Estados membros para centrar a estratexia de Lisboa no crecemento e o emprego. Estas políticas están estreitamente relacionadas coas Orientacións Xerais de Política Económica (OXPE), coa Estratexia Europea de Emprego (EEE) e coas directrices para o emprego. Máis concretamente, o FSE ten por obxectivo:

- lograr o pleno emprego;
- mellorar a calidade e a produtividade do traballo;
- promover a integración social (en particular, o acceso das persoas desfavorecidas ao emprego);
- reducir as disparidades nacionais, rexionais e locais en materia de emprego.

base legal

Regulamento (CE) nº 1081/2006 do Parlamento europeo e do Consello, de 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Social Europeo e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1784/1999 [Diario Oficial L 210 de 31.7.2006].

Decisión C(2007) 6733, do 18 de decembro de 2007, CCI 2007 ES 051 PO 004 pola que se aproba o Programa Operativo de intervención comunitaria do Fondo Social Europeo no marco do Obxectivo de Converxencia na Comunidade Autónoma de Galicia en España.

accións financiadas

Cada Estado membro acorda, conxuntamente coa Comisión Europea, un programa operativo onde se describen os eixos de actuación financiados ao abeiro do FSE para o período 2007-2013. No caso de Galicia, o Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013 inscríbese no Marco Estratéxico de Converxencia Económica de Galicia (MECEGA), que establece a estratexia de intervención dos Fondos Estruturais, reorientando a política económica comunitaria da Xunta de Galicia cara á promoción dos factores de desenvolvemento ligados á Estratexia de Lisboa: renovar as bases da competitividade, aumentar o crecemento e a produtividade, e reforzar a cohesión social a través do coñecemento, a innovación e a valorización do capital humano.

Este marco de actuación fixa como obxectivo global para Galicia en 2013: "converxer en termos de crecemento e emprego, grazas ao fomento dunha economía baseada no coñecemento", definindo unha estratexia integrada de desenvolvemento rexional que dá resposta ás necesidades e potencialidades existentes en Galicia.

Para a consecución deste obxectivo global, establécense cinco eixos de intervención: espírito empresarial e adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios; empregabilidade, inclusión social e igualdade entre homes e mulleres; capital humano; Cooperación trasnacional e interrexional; e Asistencia técnica.

subvención

O financiamento do FSE canalízase a través dos Estados membros e as rexións. O FSE non financia proxectos directamente desde Bruxelas.

O importe total do programa operativo do FSE en Galicia ascende a 448,1 millóns de euros entre recursos públicos autonómicos e comunitarios, dos que 358,5 millóns corresponden a axuda comunitaria.

O FSE cobre, pois, o 80% dos custos das intervencións.

requisitos

Os participantes nos proxectos do FSE son moi variados: administracións públicas, ONG e axentes sociais con actividades no ámbito do emprego e a inclusión social, empresas e outras entidades que traballan no ámbito social.

cando e onde pode solicitarse

As entidades que queiran presentar proxectos para ser subvencionados polo Fondo Social Europeo deben poñerse en contacto coa autoridade de xestión designada polo Estado. No caso de Galicia, trátase da Consellería de Facenda, concretamente, a Dirección Xeral de Planificación e Fondos.

O regulamento do FSE obriga aos Estados membros a garantir a participación dos interlocutores sociais e a oportuna consulta e participación doutros interesados, en relación coa preparación, aplicación e seguimento das axudas deste fondo. Tamén especifica que o FSE debe aplicarse ao nivel territorial apropiado, tendo en conta os niveis nacional, rexional e local, e consonte os mecanismos institucionais propios de cada país.

web

DX Política Rexional
http://ec.europa.eu/rexional_policy/funds/fse/index_en.htm

fondos estruturais

FEADER

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

2007-2013

descrición

O Fondo contribuirá a mellorar:

- a competitividade da agricultura e a silvicultura;
- o ambiente e o contorno rural;
- a calidade de vida e a xestión das actividades económicas nas zonas rurais.

A intervención do Fondo complementa as actuacións nacionais, rexionais e locais. A Comisión e os Estados membros garanten así mesmo a coherencia e a compatibilidade deste Fondo coas restantes medidas comunitarias de apoio.

base legal

Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, de 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

accións financiadas

Enfoque estratéxico. O Consello, tendo en conta as prioridades políticas establecidas a nivel comunitario, elabora as directrices estratéxicas en materia de desenvolvemento rural para a aplicación dos eixes temáticos que se enunciaron. A continuación, cada Estado membro elabora un plan estratéxico nacional. Nel se recollen, entre outros elementos, as súas prioridades de actuación e as do Fondo tendo en conta as directrices estratéxicas, e defínense, asemade, os seus obxectivos específicos, a participación do Fondo e os restantes recursos financeiros. Os plans estratéxicos nacionais constitúen instrumentos de referencia para a programación do Fondo. A posta en práctica dos plans estratéxicos nacionais lévase a cabo a través dos programas de desenvolvemento rural, que conteñen un conxunto de medidas agrupadas en torno aos eixos definidos no título IV do Regulamento (aumento da competitividade do sector agrícola e forestal, mellora do ambiente e do contorno rural, calidade de vida nas zonas rurais e diversificación da economía rural, enfoque Leader). Cada programa desenvolve unha estratexia, que abrangue un período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 31 de decembro de 2013, en consonancia coa análise da situación e na que se definen as prioridades adoptadas e os efectos previstos. Nel deben propoñerse ao mesmo tempo as medidas que deben levarse a cabo para cada un dos eixes. Por último, o programa complétase cun plan de financiamento. No que se refire ao seguimento estratéxico, o Regulamento prevé que cada Estado membro presente, por vez primeira en 2010 e, a continuación, cada dous anos, un informe de síntese sobre a situación da aplicación da súa estratexia e obxectivos e sobre o modo en que contribuíron ao logro das directrices estratéxicas definidas polo Consello. A Comisión tamén debe presentar cada dous anos un informe onde se resuman as principais realizacións, tendencias e retos relacionados coa aplicación dos plans estratéxicos nacionais e das directrices comunitarias.

Os obxectivos aplicaranse por medio de 4 eixos:

1. Aumento da competitividade do sector agrícola e forestal. Concédese axuda a todas as medidas encamiñadas a mellorar o capital humano, o capital físico e a calidade de a produción agrícola.

No que se refire ao capital humano, o Regulamento prevé que se apoien:

- as medidas de información e de formación profesional nos ámbitos técnico e económico;
- as actuacións que faciliten o establecemento de mozos agricultores (persoas de menos de 40 anos que se establecen por primeira vez como titulares dunha explotación) e a adaptación estrutural das súas explotacións;
- a xubilación anticipada de os agricultores que deciden cesar as súas actividades co fin de transferir a explotación a outros agricultores e dos traballadores agrícolas que deciden abandonar definitivamente toda actividade agrícola; entre outras cosas, esíxese aos beneficiarios ter unha idade mínima de 55 anos por regra xeral e non ter alcanzado a idade normal de xubilación no Estado membro de que se trate;
- a utilización dos servizos de asesoramento polos agricultores e os empresarios forestais e a creación de servizos de asesoramento, de axuda á xestión agraria e de substitución de persoal na explotación; a utilización destes servizos debe contribuír a avaliar e mellorar os resultados das explotacións.

En materia de reestruturación do capital físico, está previsto apoiar:

- a modernización das explotacións agrícolas e forestais e a mellora dos seus resultados económicos mediante a introdución, entre outros elementos, de novas tecnoloxías;
- o incremento do valor engadido da produción primaria agrícola e forestal; neste campo, apoiaranse os investimentos dirixidos a reforzar a eficacia dos sectores de a transformación e comercialización da produción primaria, simplificando as condicións para beneficiarse da xuda ao investimento con respecto ás que están vixentes na actualidade;
- a mellora e o desenvolvemento das infraestruturas en relación coa evolución e a adaptación dos sectores agrario e forestal;
- a reconstitución da capacidade de produción agrícola que resultase danada por catástrofes naturais e a adopción de medidas preventivas adecuadas.

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)

No que se refire á calidade da produción e dos produtos, está previsto:

- axudar aos agricultores a adaptarse ás esixentes normas que impón a normativa comunitaria, compensando parcialmente os custes en exceso ou as perdas de renda que xeran algunhas novas obrigas;
- alentar a participación dos agricultores en réximes de promoción da calidade alimentaria que dean garantías aos consumidores sobre a calidade do produto o do proceso de produción, aporten valor engadido aos produtos primarios e favorezan as saídas comerciais;
- apoiar as actividades de información e de promoción, impulsadas polas agrupacións de produtores, dos produtos que sexan obxecto de réximes de calidade alimentaria.

Para os novos Estados membros están previstas así mesmo medidas transitorias relativas á xuda ás explotacións de semisubsistencia en proceso de reestruturación e á xuda á creación de agrupacións de produtores. Esta xuda concederase ás solicitudes admitidas a máis tardar o 31 de decembro de 2013.

2. Mellora do ambiente e do contorno rural

A xuda destinada á ordenación do territorio debe contribuír ao desenvolvemento sustentable, fomentando, en particular, que os agricultores e silvicultores xestionen as superficies de acordo con métodos compatibles coa necesidade de conservar as paisaxes e o contorno natural e de protexer e mellorar os recursos naturais. Os principais elementos que deben terse en conta son a biodiversidade, a xestión da rede Natura 2000, a proteción da auga e os solos e as actuacións para paliar os efectos do cambio climático. Neste marco, o Regulamento prevé, en particular, axudas vinculadas ás desvantaxes naturais nas zonas de montaña e as restantes zonas desfavorecidas (designadas polos Estados membros consonte cos criterios obxectivos comúns) ou pagamentos agroambientais que só deben destinarse aos compromisos que van máis alá das correspondentes normas obrigatorias. Tamén poden concederse axudas para as medidas de apoio aos investimentos que, non xerando remuneración algunha, sexan necesarias para cumprir os compromisos ambientais.

3. Calidade de vida nas zonas rurais e diversificación da economía rural

Para contribuír á diversificación da economía rural, o Regulamento contén medidas relativas a:

- a posta en marcha de actividades non agrarias, o apoio á creación e desenvolvemento de microempresas, o fomento de actividades turísticas e a proteción, valorización e xestión do patrimonio natural con vistas ao desenvolvemento económico sustentable;
- a mellora da calidade de vida no medio rural, en particular, a renovación e desenvolvemento dos municipios rurais e a conservación e valorización do patrimonio rural;
- a formación profesional dos actores económicos nos ámbitos anteriormente citados, a adquisición de competencias e as iniciativas de animación con vistas á preparación e execución dunha estratexia local de desenvolvemento.

4. Leader

O enfoque Leader é:

- unha estratexia de desenvolvemento local que permite seleccionar os mellores plans de desenvolvemento dos grupos de acción local nos que se establece unha asociación entre o sector público e o privado;
- a posta en práctica de proxectos de cooperación entre territorios afectados;
- creación de redes de asociacións locais de cooperación.

subvención

O financiamento total de FEADER é de 96.319 millóns de euros, dos que 900 millóns corresponden a Galicia.

A porcentaxe da contribución do FEADER establécese para cada eixo::

- No caso do eixo 1 (competitividade) e do eixo 3 (diversificación e calidade de vida), así como para a asistencia técnica , aplicaranse respectivamente os seguintes límites máximos:
  - o 75 % do gasto público subvencionable no caso das rexións subvencionables en virtude do obxectivo de converxencia;
  - o 50 % do gasto público subvencionable no caso das demais rexións.
- No caso do eixo 2 (mellora do medio ambiente e do contorno rural) e do eixo 4 (Leader), aplicaranse respectivamente os seguintes límites máximos:
  - o 80 % do gasto público subvencionable no caso das rexións subvencionables en virtude do obxectivo de converxencia;
  - o 55 % do gasto público subvencionable no caso das demais rexións.A porcentaxe mínima da contribución do FEADER será do 20 % para cada eixo. As medidas relativas á asistencia técnica adoptadas a iniciativa ou por conta da Comisión poderán financiarse ao 100%.

No que se refire á asistencia técnica, unha rede europea de desenvolvemento rural prestará asistencia á Comisión na execución desta política, se ben cada Estado membro deberá constituír unha rede rural nacional que agrupe a todos os organismos e administracións vinculados aos distintos aspectos relacionados co desenvolvemento rural. A iniciativa dos Estados membros, o Fondo poderá financiar medidas relacionadas coa preparación, xestión, seguimento, avaliación, información e control da intervención dos programas, ata un máximo do 4 % do importe total de cada programa. O 0,25 % dos recursos do Fondo destínanse á asistencia técnica xestionada pola Comisión.

requisitos

A axuda do FEADER prestarase a través dunha estreita concertación («cooperación») entre a Comisión, o Estado membro e as autoridades e os organismos designados polo Estado membro en virtude das normas e prácticas nacionais, con inclusión de:

- as autoridades rexionais e locais competentes e demais autoridades públicas;
- os axentes económicos e sociais;
- calquera outro organismo apropiado que represente á sociedade civil, organizacións non gobernamentais, incluídas as do ámbito ambiental, e organismos dedicados ao fomento da igualdade entre homes e mulleres.

cando e onde pode solicitarse

Os Estados membros adoptarán todas as disposicións lexislativas, regulamentarias e administrativas de conformidade co Regulamento 1290/2005 a fin de garantir a eficaz protección dos intereses financeiros da Comunidade. Para cada programa de desenvolvemento rural, os Estados membros designarán as seguintes autoridades:

a) a autoridade de xestión;
b) o organismo pagador;
c) o organismo de certificación.

En Galicia, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), dependente da Consellería de Medio Rural, xestiona os fondos destinados á nosa comunidade.

web

DX Política Agrícola
http://ec.europa.eu/agriculture/rurdev/index_es.htm

instrumentos financeiros

JASMINE · JEREMIE · FEI · Gate2growth

instrumentos financeiros

JASMINE

Iniciativa europea para o desenvolvemento do microcrédito
en apoio do crecemento e do emprego
2009-2011

EUROPEAN INVESTMENT FUND

descrición

A Comisión Europea, o Banco Europeo de Investimentos (BEI) e o Fondo Europeo de Investimentos (FEI) poñen en marcha unha acción conxunta baixo o acrónimo de JASMINE (Joint Action to Support Micro-finance Institutions in Europe). A iniciativa ten como obxectivo a prestación de asistencia técnica e financiamento ás institucións do ámbito das microfinanzas para axudarlles a converterse en intermediarios financeiros estables na obtención de capital. A Unidade JASMINE do Fondo Europeo de Investimentos é a responsable de avaliar as propostas dos candidatos. JASMINE axuda tamén á posta en marcha de cursos de formación e campañas de publicidade sobre a iniciativa de microfinanciamento nos Estados membros, as rexións, a banca e as institucións do ámbito do microcrédito. Outro aspecto de actuación da iniciativa é o financiamento de operacións das institucións non financeiras para que estas poidan garantir unha cantidade importante de axudas para os promotores de proxectos.

A iniciativa consta de catro obxectivos:

- mellorar a entorno legal e institucional nos Estados membros;
- continuar desenvolvendo un clima que favoreza a iniciativa privada;
- favorecer a extensión de boas prácticas, incluída a formación;
- fornecer capital financeiro adicional para as institucións de microcrédito.

base legal

COM (2007) 708. Iniciativa europea para o desenvolvemento do microcrédito en apoio do crecemento e do emprego

accións financiadas

JASMINE complementa a iniciativa JEREMIE, creada igualmente pola Comisión Europea e o BEI en 2006, co obxectivo de permitir aos Estados membros e ás rexións da Unión Europea destinar un importe procedente dos Fondos Estruturais en produtos financeiros que apoien ás pequenas e medianas empresas. Os datos de Eurostat estiman a demanda potencial de microcréditos nos países comunitarios en máis de 700.000 novos préstamos, cun montante total de 6.000 millóns de euros. A acción diríxese a aquelas persoas excluídas dos servizos financeiros tradicionais debido ás súas carencias de avais.

As accións financiadas comprenden dous eixos:

- Apoio financeiro a institucións microfinancieras e provedores de microcréditos.
- Asistencia técnica. As institucións elixibles beneficiaranse dun diagnóstico e avaliación gratuíta sobre a súa organización e actividades por parte dun equipo especializado.

subvención

En virtude da colaboración entre o BEI e o FEI, este último investirá en institucións microfinanceiras e provedores de microcréditos, xunto cun socio cofinanciador (é dicir, bancos, institucións financeiras, axencias de desenvolvemento, etc.). O FEI non poderá tomar posicións en accións en fondos por máis do 50% do capital total do fondo ou, en caso de capital risco, a porcentaxe será tamén do 50%.

A dotación de recursos do BEI que xestiona o FEI é de 20 millóns de euros.

requisitos

As institucións admisibles que teñen acceso ao programa son entidades non bancarias provedoras de crédito para poñelo acto seguido a disposición das empresas.

O microcrédito (créditos inferiores a 25.000 euros) ten como beneficiario final ás microempresas (as que empregan a menos de dez traballadores) e ás persoas desfavorecidas (os desempregados ou inactivos, os que perciben unha axuda social, os inmigrantes, etc.) que desexan traballar por conta propia pero non teñen acceso aos servizos bancarios tradicionais.

cando e onde pode solicitarse

As solicitudes deben presentarse por duplicado vía e-mail e correo ordinario, a través dunha "expresión de interese". As solicitudes deben indicar o número de referencia (Non. JAS-BE/2009/02)

web

http://www.eif.org/jasmine/activity/index.htm

instrumentos financeiros

JEREMIE

